

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 6 DE MARZO DE 2008.-**

**Presidente:**

Sr. Alcalde-Presidente  
D. José Iván Puentes Rivera.

**Asistentes:**

D. Antón Lois Noceda Carballo, (se ausenta da sesión no momento que se expresa na acta).  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silvar Canosa.  
D. Manuel López Rodríguez.  
D<sup>a</sup> Amalia García Balado.  
D. Manuel Angel Rodríguez Carballeira. (se ausenta da sesión no momentos que se expresa na acta).  
D. José Antonio López Rodríguez.  
D<sup>a</sup> Rita María Couto Seijido  
D<sup>a</sup> Inés Roca Requeijo.  
D. Manuel Vicente Pico Sanmartín  
D. Manuel Polo Gundín.  
D. Edgar Antonio Vigo López.  
D. Gumersindo Pedro Galego Feal.  
D<sup>a</sup> Rocio Aurora Bértoa Puente.  
D. Juan José Franco Casal.  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Pilar Fornos Corral.  
D. Manuel Sánchez Martínez.

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as dezaioito horas e cinco minutos do día seis de marzo de dous mil oito, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. José Iván Puentes Rivera, e coa asistencia dos/as Sres/as Concelleiros/as Don Antón Lois Noceda Carballo (quen se ausenta da sesión no momento que se expresa na acta), D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silvar Canosa, Don Manuel López Rodríguez, D<sup>a</sup> Amalia García Balado, Don Manuel Angel Rodríguez Carballeira( quen se ausenta da sesión no momento que se expresa na presente acta), Don José Antonio López Rodríguez, D<sup>a</sup> Rita María Couto Seijido, D<sup>a</sup> Inés Roca Requeijo, Don Manuel Vicente Pico Sanmartín, Don Manuel Polo Gundín, Don Edgar Antonio Vigo López, Don Gumersindo Pedro Galego Feal, D<sup>a</sup> Rocio Aurora Bértoa Puente, Don Juan José Franco Casal, Dona M<sup>a</sup> Pilar Fornos Corral e Don Manuel Sánchez Martínez.

Asiste á sesión a Interventora municipal D<sup>a</sup> Águeda Bello Valdés, e actúa como Secretaria D<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo, Secretaria Xeral do Concello, que da fe do acto.

**Interventora:**

D<sup>a</sup> Águeda Bello Valdés.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se da o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do día da convocatoria.

**Secretaria:**

D<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo.

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓN CELEBRADAS EN DATAS 3 DE XANEIRO E 7 DE FEBREIRO DE 2008.-**

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo Sr. Alcalde-Presidente pregúntase se existe algunha obxección ou observación ás actas das sesións ordinarias celebradas en datas 3 de Xaneiro e 7 de Febreiro de 2008, previamente remitidas coa convocatoria, e non formulándose ningunha, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobadas por unanimidade.

Á vista o resultado da votación, decláranse aprobadas as actas das sesións ordinarias celebradas en datas 3 de Xaneiro e 7 de Febreiro de 2008.

**2º.- APROBACIÓN PROVISIONAL DO REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO PARQUE DE EDUCACIÓN VIARIA-PARQUE INFANTIL DE TRÁFICO DO CONCELLO DE FENE.-**

Acto seguido intervén o Sr. Alcalde-Presidente manifesta que se trata dun asunto que xa pasou por Comisión informativa e que o ditame é favorable ; di que o sentido fundamental da aprobación deste Regulamento, a parte de dotar ao parque de educación viaria dunha estrutura de funcionamento clara e definida, é o de conseguir a homologación do propio parque de educación viaria para incluílo na rede xeral de parques de Tráfico, en virtude a un interese e a un acordo que xa hai falado coa propia Dirección Xeral de Tráfico.

Seguidamente dáse conta do ditame adoptado na sesión conxunta das Comisións Informativas de Organización e Seguridade e de Dinamización social, Benestar e Igualdade, celebrada en data 28 de febreiro de 2008, que transcrito di:

***“PUNTO ÚNICO.- APROBACIÓN PROVISIONAL DO REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO PARQUE DE EDUCACIÓN VIARIA-PARQUE INFANTIL DE TRÁFICO (PEV) DO CONCELLO DE FENE.***

Seguidamente dáse conta da proposta da Alcaldía de data 30 de Novembro de 2007 sobre o Regulamento de funcionamento do parque de educación viaria-parque infantil de tráfico do Concello de Fene,

A continuación dáse conta das emendas presentadas polo Voceiro do Grupo Municipal Socialista a dito Regulamento que transcritas din:

“Emenda de substitución do artigo 9º

*Artigo 9º A XUNTA RECTORA: COMPOSICIÓN*

*Formarán parte da Xunta Rectora:*

- *O/a Alcalde/alcaldesa ou Concelleiro/a en quen delegue.*
- *O Xefe provincial de Tráfico ou persoa en quen delegue.*
- *Un representante da Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.*

*Actuará como secretario/a da Xunta rectora un/unha funcionario/a, proposto polo alcalde, con voz pero sen voto.*

Emenda de substitución do artigo 9º

*Artigo 9º A XUNTA RECTORA: COMPOSICIÓN*

*Formarán parte da Xunta Rectora:*

- *O/a Alcalde/alcaldesa ou Concelleiro/a en quen delegue.*
- *O Concelleiro/a Delegado de Educación.*
- *O Concelleiro/a Delegado da Policía Local.*

- *O Xefe provincial de Tráfico ou persoa en quen delegue.*
- *Un funcionario/a policial a proposta do Alcalde.*
- *Un representante da Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.*

*Actuará como secretario/a da Xunta rectora un/unha funcionario/a, proposto polo alcalde, con voz pero sen voto.*

Emenda de eliminación do apartado a) do Artigo 12º

Emenda de substitución do apartado d) do Artigo 12º

*Solicitar a contratación do persoal auxiliar para o desenvolvemento do ensino de educación viaria no Parque, cando sexa necesario.*

Artigo 13º

Emenda de substitución do 1º parágrafo do Artigo 13º

*O/a Director/a do Parque de Educación Viaria-Parque infantil de Tráfico do Concello de Fene será un/unha traballador/a municipal con experiencia acreditada en xestión, formación e/ou educación vial designado polo Sr/a. Alcalde/sa – Presidente/a.*

*As súas competencias serán: ...*

#### TÍTULO IV: MONITORES

Artigo 14º

Emenda de substitución do Artigo 14º

*O parque adscribirase dentro dun plan de etapas do propio funcionamento das instalacións e programas dun número de monitores/as de educación viaria, suficientes para o desenvolvemento das ensinanzas programadas, así como de persoal e infraestrutura burocrática suficientes para a realización da xestión.*

*O servizo de monitorado e a xestión e mantemento do Parque de educación vial poderá ser obxecto de concesión a entidades especializadas no campo da educación e especialmente da educación vial.*

*Promocionarase a participación dos membros do Corpo da Policía local de Fene, nas tarefas educativas do Parque a través dos mecanismos que se prevén na lexislación laboral ou dos correspondentes procesos de selección.*

Artigo 15º

Emenda de substitución Artigo 15º

*Para a selección do monitorado de educación viaria hase valorar:*

- a) *Posuír titulacións oficiais específicas do campo da educación.*
- b) *Posuír formación no campo da didáctica e da pedagogía, impartida por centros oficiais.*
- c) *Posuír formación específica no campo da educación vial, impartida por centros oficiais.*

- d) *Ter un bo manexo do ordenador a nivel usuario (paquetes ofimáticos, xogos, didácticos e uso de internet).*
- e) *Posuír o permiso de conducir A1 e BTP.*
- f) *Posuír algún curso de educación vial outorgado ou dirixido pola Dirección Xeral de Tráfico ou as súas xefaturas, EGAP ou Academia Galega de Seguridade.”*

A continuación, polas Peresidencias sométese a votación ordinaria a proposta da Alcaldía coas modificacións que resultan das emendas.

Visto o Regulamento de funcionamento do parque de educación viaria-parque infantil de tráfico do Concello de Fene.

Vistos os artigos 22 e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

As Comisións Informativas de Organización e Seguridade e de Dinamización Social, benestar e Igualdade acordan por unanimidade dos/as sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión dictaminar favorablemente o asunto e propoñer ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente o Regulamento de funcionamento do parque de educación viaria-parque infantil de tráfico (PEV) do Concello de Fene que se transcribe como Anexo, unha vez introducidas as emendas.

Segundo.- Expoñer o Regulamento a información pública e audiencia aos interesados por prazo de trinta días para que poidan presentarse reclamacións e suxerencias que, de producirse, deberá ser resoltas polo Pleno da Corporación. De non producirse reclamacións ou suxerencias durante o devandito prazo o regulamento consideraráse definitivamente aprobado.

Terceiro.- Unha vez definitivamente aprobado o Regulamento, remitilo á Dirección Xeral de Tráfico.

## ANEXO

### **“REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO PARQUE DE EDUCACIÓN VIARIA-PARQUE INFANTIL DE TRÁFICO (PEV) DO CONCELLO DE FENE.**

#### **TÍTULO I: OBXECTIVO E FINALIDADE DO PARQUE**

**Artigo 1º.-** O presente Regulamento ten por obxecto a regulamentación do funcionamento do Parque de Educación Viaria-Parque Infantil de Tráfico, do que é titular este Concello quen, á súa vez, se encarga do seu control e vixilancia.

**Artigo 2º.-** A Dirección Xeral de Tráfico, a través da súa Xefatura Provincial da Coruña, poderá comprobar o uso educativo das instalacións, así como dos métodos de ensino que nelas se empreguen e poderá facerlle ao Concello as observacións que estime pertinentes en orde á boa marcha do devandito Parque Infantil de Tráfico.

**Artigo 3º.-** Entenderase como Parque de Educación Viaria-Parque Infantil de Tráfico do Concello de Fene a instalación fixa constituída por unha aula para un máximo de 25 alumnos/as equipada con medios audiovisuais axeitados para dispensar clases e realizar obradoiros así como por un circuíto con viarios e reprodución de situacións de circulación, que contén todos aqueles elementos de ordenación e regulación do tráfico, así como

equipamentos de vehículos que non poderán ser outros que bicicletas, triciclos, ciclomotores e karts eléctricos e a pedais adaptados ao ensino da educación viaria, e cun exclusivo fin educativo en aplicación dos programas que se determinen regulamentariamente polos órganos competentes.

**Artigo 4º.-** O Parque de Educación Viaria-Parque Infantil de Tráfico do Concello de Fene atópase situado na parroquia de Barallobre, lugar do Ramo, antiga estación de RENFE.

**Artigo 5º.-**

#### **A) OBXECTIVOS XERAIS:**

- a) Facilitar e promover a formación relativa sobre seguridade viaria ás persoas usuarias do Parque.
- b) Completar e ampliar a formación e contidos de seguridade viaria que as persoas usuarias do Parque reciben noutras institucións ou por outros medios.
- c) Facilitar ás persoas usuarias do Parque os medios prácticos necesarios para integrar e contextualizar coñecementos e condutas adecuadas e seguras.
- d) Favorecer e fomentar a convivencia respectuosa, educada e cívica das persoas usuarias do Parque nas vías públicas.
- e) Promover e fomentar no ámbito municipal comarcal, provincial, autonómico e estatal; actividades, xornadas e eventos que faciliten o coñecemento desta materia.

#### **B) OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

- a) O monitorado, consonte coas directrices formuladas pola dirección do PEV, fixará os obxectivos tendo en conta a idade, os grupos de alumnado, os materiais dos que se dispón, a instalación, a súa situación, os accesos....
- b) Hase familiarizar ás persoas que usen o Parque cos elementos que definen e constitúen as normas e sinais ordenadores e reguladores do tráfico: formas, cores, iconas, marcas, etc..., mediante:
  - Desenvolvemento de hábitos de observación.
  - Ordenación dunha conduta viaria.
  - Enumeración e ordenación preceptiva dos elementos reguladores e informativos do tráfico, así como a asociación destes cos conceptos de perigo, precaución, preferencia, detención, etc.
  - Coñecer e definir as características mecánicas e de seguridade dos vehículos que se utilicen, así como o seu mantemento e posta a punto.
  - Promover e fomentar actitudes de respecto e coidado da contorna viaria e o medio ambiente.
  - Estudar con exercicios prácticos con referencia á realidade, os itinerarios habituais.

#### **C) METODOLOXÍA**

Os contidos que se seleccionen para estes obxectivos deben impartirse de forma teórica e práctica, cubrindo os ámbitos de peón, condutor e viaxeiro, así como cursos dirixidos aos grupos de risco (invidentes, minusválidos,...). As actividades para a consecución destes contidos, metodoloxía, así como a súa avaliación, serán valoradas e propostas pola Dirección do Parque.

#### **TÍTULO II: TITULARIDADE DO PARQUE**

**Artigo 6º.-** A titularidade do Parque de Educación Viaria-Parque Infantil de Tráfico do Concello de Fene corresponderá ao Concello de Fene, que exercerá as funcións de control e vixilancia do mesmo e ostentará a responsabilidade do seu funcionamento.

**Artigo 7º.-** A Xunta Reitora, a través da dirección do PEV, poderá establecer acordos de colaboración con outras entidades ou organismos para desenvolver as actividades concretas que se programen en cada exercicio.

### **TÍTULO III: ORGANIZACIÓN**

**Artigo 8º.-** Os órganos encargados do funcionamento e dirección do Parque de Educación Viaria-Parque Infantil de Tráfico do Concello de Fene serán a Xunta Reitora e o/a Director/a.

**Artigo 9º.-** A XUNTA RECTORA: COMPOSICIÓN

Formarán parte da Xunta Rectora:

- O/a Alcalde/alcaldesa ou Concelleiro/a en quen delegue.
- O Concelleiro/a Delegado de Educación.
- O Concelleiro/a Delegado da Policía Local.
- O/a Xefe Provincial de Tráfico ou persoa en quen delegue.
- Un funcionario/a policial a proposta do Alcalde.
- Un representante da Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universaria da Xunta de Galicia.

Actuará como Secretario/a da Xunta rectora un/unha funcionario/a, proposto polo alcalde, con voz pero sen voto.

**Artigo 10º.-** O Presidente será elixido polos propios compoñentes da Xunta, entre eles mesmos, determinándose ao tempo da súa elección o Vocal ao que, en cada caso, corresponda a substitución daquel, e está facultado para actuar por delegación.

**Artigo 11º.-** FUNCIONAMENTO

A Xunta constituirase validamente cando concorran polo menos os dous terzos dos seus compoñentes. Os acordos adoptaranse por maioría simple, servindo en caso de empate como voto de calidade o do Presidente.

A Xunta reitora reuniráse con carácter ordinario dúas veces ao ano, a principios e finais do curso académico, e en reunión extraordinaria cando así o dispoña a Presidencia.

En canto ao funcionamento interno da Xunta reitora estarase ao disposto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común sobre o funcionamento de órganos colexiados.

**Artigo 12º.-** Corresponden á Xunta Reitora as seguintes atribucións:

- a) Propoñer o orzamento para o funcionamento do Parque.
- b) Aprobar os programas e calendarios de funcionamento anuais, así como as actividades do Parque.
- c) Solicitar a contratación do persoal auxiliar para o desenvolvemento do ensino de educación viaria no Parque, cando sexa necesario.
- d) Supervisar o funcionamento das Dirección do Parque, así como dar o visto e prace ás memorias anuais.
- e) Solicitar á Administración as axudas e subvencións que para este tipo de instalacións prevé a lexislación actual.

**Artigo 13º.-** O/a Director/a do Parque de Educación Viaria-Parque Infantil de Tráfico do Concello de Fene será un/ha traballador/a municipal con experiencia acreditada en xestión, formación e/ou educación vial designado polo Sr/a Alcalde/sa-Presidente/a.

As súas competencias serán:

- a) Executará os acordos da Xunta Reitora, sendo responsábel da súa culminación.
- b) Velará polo cumprimento dos programas educativos e calendarios que, a proposta del, aprobará a Xunta Reitora.
- c) Será responsábel do funcionamento do Parque e de todo o persoal adscrito a el.
- d) Estarán baixo a súa vixilancia todo o material didáctico e as instalacións.
- e) Dirixirá a elaboración dos programas, calendarios e orzamentos do Parque, que propoñerá anualmente á Xunta Reitora.
- f) Coordinará cos centros escolares os calendarios de actividades do Parque de Educación Viaria-Parque Infantil de Tráfico do Concello de Fene.
- g) Coordinará coa Xefatura Provincial de Tráfico da Coruña os programas e contidos de educación viaria, tanto teóricos como prácticos.

#### **TÍTULO IV: MONITORES**

**Artigo 14º.-** O parque adscribirase dentro dun plan de etapas do propio funcionamento das instalacións e programas dun número de monitores/as de educación viaria, suficientes para o desenvolvemento das ensinanzas programadas, así como de persoal e infraestrutura burocrática suficientes para a realización da xestión.

O servizo de monitorado e a xestión e mantemento do parque de educación vial poderá ser obxecto de concesión a entidades especializadas no campo da educación e especialmente da educación vial.

Promocionarase a participación dos membros do Corpo da Policía local de Fene, nas tarefas educativas do parque a través dos mecanismos que se prevén na lexislación laboral ou dos correspondentes procesos de selección.

**Artigo 15º.-** Para a selección do monitorado de educación viaria hase valorar:

- a) Posuír titulacións oficiais específicas do campo da educación.
- b) Posuír formación no campo da didáctica e da pedagogía, impartida por centros oficiais.
- c) Posuír formación específica no campo da educación vial, impartida por centros oficiais.
- d) Ter un bo manexo do ordenador a nivel usuario (paquetes ofimáticos, xogos, didácticos e uso de internet).
- e) Posuír o permiso de conducir A-1 e BTP.
- f) Posuír algún curso de educación vial outorgado ou dirixido pola Dirección Xeral de Tráfico ou as súas xefaturas, EGAP ou Academia Galega de Seguridade.

**Artigo 16º.-** As ordes da dirección do PEV e do monitorado de educación viaria serán de obrigado cumprimento para todas as persoas usuarias e asistentes ao Parque de Educación Viaria-Parque Infantil de Tráfico do Concello de Fene.

#### **TÍTULO V: RÉXIME DE FUNCIONAMENTO**

**Artigo 17º.-** Previa á asistencia dos escolares ao Parque de Educación Viaria-Parque Infantil de Tráfico do Concello de Fene, deberán recibir os contidos teóricos determinados pola

dirección do PEV no proxecto anual da instalación. Só poderán utilizar as instalacións do Parque nas datas e horas fixadas e aprobadas pola Xunta Reitora no Plan Anual aqueles nenos e mozos integrados dentro da educación obrigatoria que reciban instrución teórica previa sobre normas e sinais esenciais de circulación nos seus respectivos centros escolares ou no propio Parque.

As actividades serán programadas pola Dirección do Parque e en colaboración con centros escolares no ámbito local e comarcal.

Estas actividades deben cubrir, ademais dos obxectivos propostos e de acordo coas instrucións que emanen da Dirección Xeral de Tráfico a través da súa Xefatura Provincial, a preparación do alumnado para a súa participación en campionatos locais, comarcais, provinciais, autonómicos e estatais que teñan lugar cada ano.

Estas actividades serán fixadas nun calendario anual correspondente ao curso escolar e que será entregado a cada un dos centros escolares antes do seu inicio. Con todo, a Dirección do Parque resérvase a posibilidade de promover outro tipo de actividades durante o ano en curso, mesmo aínda que non coincida co curso escolar de que se trate (actividades de verán, fin de semana,...)

**Artigo 18º.-** A asistencia dos nenos e mozos ao Parque será gratuíta ou estará suxeita a prezo público regulado consonte o establecido na lexislación vixente. A participación dos centros escolares canalizarase a través da Dirección do Parque, sen prexuízo de solicitar a colaboración doutros organismos cando así o estime conveniente pola Xunta Reitora.

A asistencia deberase facer en unidades escolares predeterminadas na programación de ensino obrigatorio, baixo a responsabilidade e tutela do centro escolar ao que pertenza.

Durante o curso escolar o Parque funcionará como mínimo durante os días lectivos do curso escolar, reservando os fins de semana e os meses de verán para outras actividades que marque a Xunta reitora, debéndose coordinar ditos horarios e datas có calendario escolar dos centros que participen.

## **TÍTULO VI: MANTEMENTO E VIXILANCIA DAS INSTALACIÓNS**

**Artigo 19º.-** O Concello de Fene ou o concesionario do Parque encargaráse do mantemento de todas as instalacións do Parque Infantil de Tráfico, así como dos gastos de electricidade, megafonía, saneamentos, pavimentos, acerado, xardinería, limpeza , así como de dispoñer de material móbil que determina e as reparacións e melloras por causa do tempo e uso.

**Artigo 20º.-** O Parque contará co necesario para o desenvolvemento das actividades propias do mesmo, no referente tanto ao material didáctico como aos vehículos a utilizar (karts, bicicletas, triciclos, patíns...).

**Artigo 21º.-** Dotarase á Dirección do Parque dos vehículos e elementos de apoio necesarios.

## **TÍTULO VII: SISTEMA DE FINANCIAMENTO**

**Artigo 22º.-** O Concello de Fene dotará de orzamento para o sostemento do funcionamento do PEV, naqueles aspectos de gastos que, en caso de concesión, esta non asuma ou non estea regulado no prego de condicións ou contrato que se estableza.

## **TÍTULO VIII: SEGUROS**



**Artigo 23º.-** O Concello de Fene subscribirá un seguro obrigatorio de responsabilidade civil que cubra os accidentes que con ocasión do curso do Parque Infantil se poidan producir.

## **DISPOSICIÓN FINAL**

O presente Regulamento entrará en vigor unha vez sexa publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia.”

Non producíndose debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sometese a votación ordinaria o ditame adoptado na sesión conxunta das Comisións Informativas de Organización e Seguridade e de Dinamización social, Benestar e Igualdade celebrada en data 28 de febreiro de 2008, sendo aprobado por unanimidade .

*Á vista do resultado da votación, declárase aprobado o ditame adoptado na sesión conxunta das Comisións Informativas de Organización e Seguridade e de Dinamización Social, Benestar e Igualdade celebrada en data 28 de febreiro de 2008, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.*

## **3º.- APROBACIÓN PROVISIONAL DO REGULAMENTO ORGÁNICO DO CONCELLO DE FENE.-**

Seguidamente dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Organización e Seguridade adoptado en sesión de data 3 de marzo de 2008, que transcrito di:

### **““2º.- APROBACIÓN PROVISIONAL DO REGULAMENTO ORGÁNICO DO CONCELLO DE FENE.**

Seguidamente dáse conta da proposta relativa ao asunto epigrafiado.

Aberto o turno de intervencións.(.../....)

Rematadas as intervencións, pola Presidencia sométese a votación ordinaria o asunto e

Visto o Regulamento Orgánico do Concello de Fene.

Visto o informe de Secretaría de data 28 de febreiro de 2008 que, transcrito dí:

### **“INFORME DE SECRETARÍA**

*Asunto: Regulamento Orgánico do Concello de Fene.*

*A funcionaria que subscribe, en cumprimento do disposto no artigo 54 do real decreto lexislativo 781/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, en relación ao asunto de referencia ten a ben emiti-lo seguinte*

### **INFORME:**

*Primeiro.- Os artigos 137 e 140 da Constitución española garanten a autonomía dos municipios para a xestión dos seus intereses e deseñan os rasgos esenciais da súa organización.*

*A Sentencia do pleno do tribunal Constitucional de 21 d decembro de 1989 declarou ( fundamento 6º) que en materia de organización municipal, a orde constitucional de competencias se funda na existencia de tres ámbitos normativos diferentes correspondentes á lexislación básica do estado (art. 149.1.18 C.E.), a lexislación de desenvolvemento das Comunidades Autónomas, segundo os seus respectivos Estatutos e a potestade regulamentaria dos municipios, inherente esta última á autonomía que a Constitución española garante no seu artigo 140. É claro que a potestade de autoorganización debe exercerse no marco dos límites establecidos na lexislación básica estatal e nas lexislacións de desenvolvemento das Comunidades autónomas.*

*Segundo.- A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante LBRL) , no seu artigo 4 sinala que na súa calidade de Administracións públicas de carácter territorial e dentro das súas competencias, corresponde aos municipios, entre outras potestades que nel se enumeran, a potestade regulamentaria e de autoorganización .*

*O Regulamento orgánico municipal constitúe unha manifestación desta potestade de autoorganización atribuída polo precepto legal citado*

*Terceiro.-O artigo 20 da LBRL establece que:*

*“ 1. La organización municipal responde a las siguientes reglas:*

- a) El Alcalde, los Tenientes de Alcalde y el pleno existen en todos los Ayuntamientos.*
- b) La Junta de Gobierno Local existe en todos los municipios con población superior a 5.000 habitantes y en los de menos, cuando así lo disponga su reglamento orgánico o así lo acuerde el pleno de su Ayuntamiento.*
- c) En los municipios de más de 5.000 habitantes, y en los de menos en que así disponga su reglamento orgánico o así lo acuerde el pleno, existirán , si su legislación autonómica no prevee en este ámbito otra forma organizativa, órganos que tengan por objeto el estudio, informe o consulta de los asuntos que han de ser sometidos a la decisión del pleno, así como el seguimiento de la gestión del Alcalde, la Junta de Gobierno local y los concejales que ostenten delegaciones, sin perjuicio de las competencias de control que corresponden al pleno. Todos los grupos políticos integrantes de la corporación tendrán derecho a participar en dichos órganos, mediante la presencia de concejales pertenecientes a los mismos en proporción al número de concejales que tengan en el Pleno.*
- d) La comisión de Sugerencias y reclamaciones existe en los municipios señalados en el título X y en aquellos otros en que el Pleno así lo acuerde, por el voto favorable de la mayoría absoluta del número legal de sus miembros, o así lo disponga su Reglamento orgánico.*
- e) La Comisión Especial de Cuentas existe en todos los municipios, de acuerdo con la estructura prevista en el artículo 116.*

*2. Las Leyes de las comunidades autónomas sobre el régimen local podrán establecer una organización municipal complementaria a la prevista en el número anterior.*

*3. Los propios municipios, en los reglamentos orgánicos, podrán establecer y regular otros órganos complementarios, de conformidad con lo previsto en este artículo y en las leyes de las comunidades autónomas a las que se refiere el número anterior.”*

*E o artigo 59 da lei de Administración Local de Galicia establece que:*

*“1. Los municipios de la Comunidad Autónoma de Galicia tienen la potestad de autoorganización y por ello podrán aprobar sus reglamentos orgánicos sin otro límite que el respeto a las reglas de organización municipal establecidas por la legislación básica del Estado y por la presente Ley.*

2.- La organización municipal se regirá por las siguientes reglas:

- a) El Alcalde, los Tenientes de Alcalde y el Pleno existirán en todos los Ayuntamientos.
- b) Existirá una Comisión de Gobierno en los municipios cuya población de derecho sea superior a 5.000 habitantes y en los de población inferior cuando lo acuerde el Pleno del Ayuntamiento o lo establezca el Reglamento orgánico de éste.
- c) La Comisión Especial de Cuentas existirá en todos los Ayuntamientos.
- d) Podrán completar la organización municipal los Alcaldes de barrio, las comisiones de estudio, informe o consulta, los órganos de gestión desconcentrada y de participación ciudadana y cualquier otro órgano establecido por el Ayuntamiento y regulado por su reglamento orgánico.

3. La creación de órganos complementarios responderá a los principios de eficacia, economía organizativa y participación ciudadana y exigirá el cumplimiento de los siguientes requisitos:

- a) Determinación de su forma de integración en la organización municipal y de su dependencia jerárquica.
- b) Delimitación de sus funciones y competencias.
- c) Dotación de los créditos precisos para su puesta en marcha y funcionamiento.

4. No podrán crearse nuevos órganos que supongan duplicación de otros ya existentes si al mismo tiempo no se suprime o restringe debidamente la competencia de éstos”.

Cuarto.- O artigo 22 da LBRL no seu apartado d) atribúe ao Pleno a aprobación do regulamento orgánico e das ordenanzas.

De conformidade có lo dispuesto no artigo 47.2. f) da devandita Lei, o acordo haberá de adoptarse có voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Quinto.- Procedemento.

De conformidade có previsto no artigo 49 LBRL, o procedimientto a seguir será o seguinte:

- a) Aprobación inicial polo Pleno.
- b) Información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días para la presentación de reclamacións e suxerencias
- c) Resolución de todas as reclamacións e suxerencias presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva por el Pleno.

Dispón o artigo 70 de la LBRL no seu parágrafo 2º que as ordenanzas, incluído o articulado das normas dos plans urbanísticos, así como os acordos correspondentes a éstos, cuxa aprobación definitiva sexa competencia dos entes locais, publicaránse no “Boletín Oficial” da provincia e non entrarán en vigor ata que se teña publicado completamente o seu texto e teña transcurrido o prazo previsto no artigo 65.2.

Sexto.- Exame do Regulamento Orgánico.

Examinado o Regulamento orgánico obxecto do presente informe cómpre sinalar o seguinte:

Polo que respecta á remisión das convocatorias dos órganos colegiados( pleno, xunta de goberno local, xunta de delegados e comisións informaivas) aos membros dos mesmos establécese que a mesma realizaráse do seguinte xeito(agás as extraordinarias urxentes )(artigos 19, 27,53 e 59):

1. *No momento no que o Alcalde-Presidente asine a convocatoria, o concelleiro/a recibirá unha mensaxe curta de texto no teléfono móbil que indique na Secretaría Xeral do Concello. A mensaxe informará da data, hora e lugar de convocatoria da sesión, así como do lugar no que pode consultar e recoller a mesma convocatoria e a documentación pertinente en papel.*
2. *Ó mesmo tempo, o concelleiro/a en cuestión recibirá no enderezo que indique un correo electrónico con acuse de recibo no que se axunte copia da convocatoria e, de ser o caso, copia da acta/s que sexa preciso aprobar na sesión convocada; ámbolos dous documentos en formato pdf.*

*Motivándoo previamente, calquera concelleiro/a poderá renunciar a este xeito de notificación e solicitar que a convocatoria lle sexa entregada persoalmente no seu domicilio mediando dous días hábiles (vinte e catro horas no caso da Xunta de Goberno Local e Xunta de delegados) entre a notificación e a celebración da sesión correspondente.*

*Nas convocatorias de sesións plenarias e das comisións informativas establécese que só no caso de que no día hábil anterior á celebración da sesión convocada non se teña recibido no correo electrónico da Secretaría Xeral a confirmación automática de lectura de correo ó concelleiro/a, éste será notificado polos cauces ordinarios, mediante convocatoria en papel e asinada, levada ó seu domicilio.*

*Prevese no Regulamento que motivándoo previamente, calquera concelleiro/a poderá renunciar a este xeito de notificación e solicitar que a convocatoria lle sexa entregada persoalmente no seu domicilio mediando dous días hábiles entre a notificación e a celebración da correspondente sesión(24 horas no caso da Xunta de Goberno local e xunta de delegados/as)*

*Verbo da práctica de notificacións, o artigo 59.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico da administracións públicas e do procedemento administrativo común establece que:*

*“1. Las notificaciones se practicarán por cualquier medio que permita tener constancia de la recepción por el interesado o su representante, así como de la fecha, la identidad y el contenido del acto notificado.”*

*Por outra banda, a Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos (aplicable á Administración Local segundo dispón o seu artigo 2) reconece o dereito dos cidadáns a comunicarse coas Administracións Públicas por medios electrónicos. Como contrapartida deste dereito, está a obriga destas de dotarse dos medios e sistemas electrónicos e informáticos .*

*No Título II da citada Lei régúlase o réxime xurídico da administración electrónica, regulándose nos artigos 10 a 12 a sede electrónica ( dirección electrónica dispoñible para os cidadáns a través de redes de telecomunicacións cuxa titularidade, xestión e administración corresponde a unha Administración Pública, órgano ou entidade administrativa no exercizo das súas competencias), nos artigos 13 a 23 as formas de identificación e autenticación, os artigos 24 a 32 os rexistros, as comunicacións e as notificacións electrónicas. En canto aos rexistros, o artigo 24 dispón que as Administracións Públicas crearán rexistros electrónicos para a recepción e remisión de solicitudes, escritos e comunicacións, debendo publicarse no Diario Oficial correspondente a disposición de creación dos rexistros e o seu texto íntegro deberá estar dispoñible para consulta na sede electrónica de acceso ao rexistro. En canto ás notificacións o artigo 28 , polo que respecta á práctica da notificación por medios electrónicos dispón que para que a notificación se practique utilizando algún medio electrónico requeriase*

*que o interesado sinalase dito medio como preferente ou consentise a súa utilización, sen prexuízo do disposto no artigo 27.6, engadindo o parágrafo 2º que o sistema de notificación permitirá acreditar a data e hora na que se produza a posta a disposición do interesado do acto obxecto de notificación, así como a de acceso ao seu contido, momento a partir do cal a notificación entenderáse practicada a todos os efectos legais.*

*Entende á que subscribe que a notificación por medios electrónicos va unida á creación da sede electrónica e dos rexistros electrónicos, e á dotación de sistemas electrónicos e informáticos que permitan acreditar os extremos sinalados no artigo 28 ,debendo o Concello a tal efecto dotarse dos medios e sistemas electrónicos, informáticos e organizativos precisos para dar cumprimento ao disposto na devandita Lei 11/2007 , polo que, ata tanto non se proceda polo Concello a adopta-las medidas necesarias para dar cumprimento ao disposto na mesma, non resulta posible, a xuízo da que subscribe, a notificación electrónica ( neste punto cómpre lembrar que de conformidade có disposto na disposición final terceira.4, no ámbito das Entidades que integran a Administración local, os dereitos recoñecidos no artigo 6 poderán ser exercidos en relación coa totalidade dos procedementos e actuacións da súa competencia a partires do 31 de decembro de 2009 sempre que o permitan as súas dipoñibilidades presupostarias e que a estes efectos as Deputacións Provinciais , ou, no seu caso, os Cabildos e Consellos Insulares ou outros organismos supramunicipais, poderán prestar os servizos precisos para garanti-la efectividade no ámbito dos municipios que non dispoñan dos medios técnicos e organizativos necesarios para prestalos)*

*Tendo en conta o anteriormente sinalado, e en relación á forma de notificación das convocatorias contida no Regulamento orgánico, a xuízo da informante, a mesma non permite nin a identificación nin autenticación do órgano actuante nin queda acreditado suficientemente o requisito da notificación persoal das mesmas aos /ás Sres/as Concelleiros/as resultando, ademáis, polo que respecta ás sesións plenarias e das Comisións informativas que a previsión contida no Regulamento verbo de que só no caso de que no día hábil anterior á celebración da sesión non se teña recibido a confirmación da lectura de correo ó/á Concelleiro/a , éste será notificado polos cauces ordinarios, mediante convocatoria en papel e asinada levada ao seu domicilio, infrinxe a previsión legal de que a convocatoria sexa notificada con dous días de antelación á data da súa celebración.*

*En atención ao exposto, a xuízo da que subscribe, a forma de practicar as notificacións das convocatorias das sesións dos órganos colexiados prevista no Regulamento orgánico non permite ter constancia da súa recepción polos/as interesados/as, por canto aínda que se preve que se remita acuse de recibo da recepción do correo electrónico, ésta non acredita de forma suficiente que sexan os/as interesados/as os/as que reciben a mesma, pois non se preve ningunha forma de identificación ou autenticación do destinatario ; é dicir a forma de practicar a notificación non acredita de forma suficiente a recepción persoal polos/as interesados/as, polo que se informa desfavorablemente a regulación da forma de practicar as notificacións das convocatorias das sesións dos órganos colexiados contida no Regulamento Orgánico.*

*É o que expoño neste informe que ocupa cinco (5) planas, e que someto a calquera outro mellor fundamentado en dereito.”*

Vistos os artigos 22 e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local

A Comisión Informativa de Organización e Seguridade cós votos a favor dos/as Sres/as Noceda Carballo, García Balado, Pico Sanmartín, Vigo López, Galego Feal e Bértoa Puente e coa abstención do Sr. Rodríguez Carballeira (en virtude do disposto no artigo 100.1 do Real

decreto 2568/1986, de 28 de novembro, ao terse ausentado da sesión unha vez iniciada a deliberación do asunto e non estar presente no momento da votación)acorda dictaminar favorablemente o asunto e propoñer ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente o Regulamento Orgánico do Concello de Fene que se transcribe como Anexo.

Segundo.- Expoñer o Regulamento a información pública e audiencia aos interesados por prazo de trinta días para que poidan presentarse reclamacións e suxerencias que, de producirse, deberán ser resoltas polo Pleno da Corporación. De non producirse reclamacións ou suxerencias durante o devandito prazo o regulamento consideraráse definitivamente aprobado.

## ANEXO

### TÍTULO PRELIMINAR

#### Obxecto do Regulamento Orgánico do Concello de Fene

#### **Artigo 1.** Do obxecto e Ámbito de Aplicación.

O presente Regulamento, que ten por obxecto a regulación do réxime de funcionamento dos órganos básicos e complementarios do Concello de Fene, apróbase no exercicio da autonomía constitucionalmente garantida, facendo uso das potestades regulamentarias e de autoorganización recoñecidas pola lei.

A aprobación e modificación do presente regulamento corresponde o Pleno da Corporación.

### TÍTULO PRIMEIRO

#### Estatuto dos Concelleiros/as do Concello de Fene

#### **CAPÍTULO I. Dos Dereitos e Deberes dos Concelleiros e Concelleiras**

---

#### **Artigo 2**

O Alcalde/sa e os Concelleiros/as están obrigados ó estrito cumprimento dos deberes e obrigas establecidos na lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia, así como o establecido no presente Regulamento Orgánico Municipal e así mesmo, gozan, unha vez que tomen posesión dos seus cargos, dos dereitos, honras, prerrogativas e distincións propias dos mesmos que se establezan nos artigos que siguen, así como no Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Fene.

Quen ostente a condición de membro da Corporación quedará, non obstante, suspendido nos seus dereitos, prerrogativas e deberes cando unha resolución xudicial firme condenatoria o comporte.

#### **CAPÍTULO II. Dos Dereitos Económicos dos Concelleiros e Concelleiras**

---

**Artigo 3.** Do Dereito a Percibir Retribucións, Indemnizacións e Asistencias.

Os Concelleiros/as terán dereito a percibir as retribucións, indemnizacións e asistencias que sexan precisas para o exercicio digno e eficaz das súas funcións, de acordo coas normas establecidas no presente Regulamento e coas consignacións que anualmente aprobe o Pleno do Concello a través dos Presupostos Municipais.

Os membros da Corporación percibirán indemnizacións pola súa asistencia ás sesións e xuntanzas dos órganos reitores dos organismos dependentes da Corporación que teñan personalidade xurídica independente e ás dos consellos de administración das empresas con capital municipal, salvo que teñan dedicación exclusiva ou parcial.

**Artigo 4.** Dos Criterios para a determinación das Retribucións, Indemnizacións e Asistencias.

Para a fixación das retribucións dos Concelleiros/as terase en conta o réxime da súa dedicación e a responsabilidade que ostenten na xestión.

A situación dos Concelleiros clasifícase nas tres categorías seguintes:

- 1. Dedicación exclusiva** é aquela realizada por un Concelleiro/a que exerce con tal carácter as funcións propias do seu cargo, sen desenvolver outra actividade retribuída pública ou privada, nos termos establecidos na lexislación sobre incompatibilidades aplicable.
- 2. Dedicación parcial** é aquela na que o Concelleiro/a realiza outras ocupacións, sen que estas podan ocasionar detrimento na súa dedicación á Corporación, e sempre que sexan compatibles co exercicio da súa función representativa. Os/as que se atopen nesta situación deberán obter a declaración de compatibilidade do Pleno da Corporación, comunicando os cambios que se produzan, sen prexuízo das declaracións sobre intereses previstas na lexislación vixente e no presente Regulamento.
- 3. Mera asistencia** ós órganos colexiados da Corporación dos que forme parte.

Os Concelleiros/as que se atopen en situación de dedicación exclusiva ou parcial recibirán retribucións polo exercicio das súas funcións. Os/as que non se atopen en ningunha de ambas situacións, recibirán asistencias pola súa concorrencia efectiva ós órganos colexiados do Concello de que formen parte, na contía que determine o Pleno.

Todos os Concelleiros/as teñen dereito a recibir indemnizacións polos gastos ocasionados nos desprazamentos realizados no exercicio do seu cargo.

**CAPÍTULO III. Do Dereito dos Concelleiros/as á Obtención de Información**

---

**Artigo 5.** Do Procedemento para a Obtención de Información e Datos dos Servizos Municipais.

Todos os Concelleiros/as teñen dereito a obter do Alcalde/sa ou Concelleiros/as nos que delegue e da Xunta de Goberno Local cantos antecedentes, datos ou informacións obren en poder dos servizos da Corporación e resulten precisos para o desenvolvemento da súa función.

A solicitude para o exercicio do dereito recollido no parágrafo anterior terá que ser resolta motivadamente nos cinco días hábiles seguintes a aquel no que se presentase. Se en dito prazo non se ditase resolución expresa, a solicitude entenderase concedida por silencio administrativo.

Non obstante ó disposto nos apartados anteriores, os servizos administrativos estarán obrigados a facilitar a información, sen necesidade de que o Concelleiro/a acredite estar autorizado, nos seguintes casos:

1. Cando se trate do acceso dos Concelleiros/as que ostenten delegacións ou responsabilidades de xestión, á información propia das mesmas.
2. Cando se trate do acceso de calquera Concelleiro/a á información e documentación correspondinte ós asuntos que teñan que ser tratados polos órganos colexiados de que formen parte, así como ás resolucións ou acordos adoptados por calquera órgano municipal. Neste último caso, os Concelleiros/as poderán solicitar os expedientes sobre os que recaese resolución ou acordo, dependendo do órgano de tramitación, ó Secretario/a da Corporación.
3. Cando se trate do acceso dos Concelleiros/as á información ou documentación do Concello que sexa de libre acceso para os cidadáns/ás.

A información solicitada estará a disposición do solicitante desde o outorgamento expreso ou tácito da petición, ou desde que a solicitude fose recibida polo servizo administrativo que deba subministrala, cando non se requira previa autorización. Dito prazo poderá ampliarse ata un total de cinco días naturais nos casos en que por razóns de orde práctica ou técnica, ou a natureza propia da información, así o requiran, debendo xustificarse de forma escrita e motivada.

## **CAPÍTULO IV. Dos Deberes dos Concelleiros e Concelleiras**

---

### **Artigo 6**

1. Os Concelleiros/as deberán respectar en todo momento as normas sobre incompatibilidade e deberán poñer en coñecemento da Corporación calquera feito que puidese constituír causa da mesma.
2. Os Concelleiros/as formularán declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos.
3. Formularán así mesmo declaración dos seus bens patrimoniais e da participación en sociedades de todo tipo, con información das sociedades por elas participadas e das liquidacións dos impostos sobre a renda, patrimonio e , no seu caso, sociedades. Tales declaracións, efectuadas nos modelos aprobados polo Pleno, levaranse a cabo antes da toma de posesión, con ocasión do cese e ao final do mandato, así como cando se Ambas declaracións levaranse a cabo antes da toma de posesión, con ocasión do cese e cando se modifiquen as circunstancias de feito. As declaracións anuais de bens e actividades serán publicadas con carácter, e en todo caso no momento do remate do mandato, nos termos que fixe o Estatuto municipal.

Tales declaracións inscribíranse nos seguintes rexistros de intereses que terán carácter público:



a) A declaración sobre causas de posible incompatibilidade e actividades que proporcionen o poidan proporcionar ingresos económicos, inscribiráse no Rexistro de Actividades .

b) A declaración sobre bens e dereitos patrimoniais inscribiráse no Rexistro de bens patrimoniais .

**4.** Producida unha causa de incompatibilidade e declarada a mesma polo Pleno corporativo, o afectado por tal declaración deberá optar, no prazo dos dez días seguintes a aquel no que reciba a notificación da súa incompatibilidade, entre a renuncia á condición de Concelleiro/a, ou o abandono da situación que dea orixe á referida incompatibilidade.

**5.** Transcorrido o prazo sinalado no número anterior sen ter exercitada a opción, entenderase que o afectado renunciou ó seu posto de Concelleiro/a, debendo declararse polo Pleno corporativo a vacante correspondente e poñer o feito en coñecemento da Administración Electoral ós efectos previstos no artigo 182 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral.

**6.** Todos os Concelleiros teñen o dereito e o deber de asistir, con voz e con voto, ás sesións do Pleno e ás daqueles outros órganos colexiados de que formen parte, salvo xusta causa que o impida, que deberán comunicar coa antelación necesaria ó Alcalde ou Presidente efectivo.

**7.** As ausencias dos membros das Entidades Locais fóra do termo municipal que excedan de 8 días, deberán ser postas en coñecemento do Alcalde, facéndoo por escrito, ben persoalmente ou a través do portavoz do grupo político, concretándose, en todo caso, a duración previsible das mesmas.

**8.** O Alcalde - Presidente da Corporación poderá sancionar con multa ós membros da mesma, por falta inxustificada de asistencia ás sesións ou incumprimento reiterado das súas obrigas, nos termos que determine a Lei da Comunidade Autónoma de Galicia e a do Estado.

**9.** Os Concelleiros absteranse nas deliberacións, ditames, informes, votacións e calquera outro tipo de actuacións cando concorran as causas de abstención previstas na lexislación aplicable, debendo poñerse inmediatamente en coñecemento do Alcalde ou de quen ostente a presidencia do órgano e, en todo caso, da Secretaría Xeral da Corporación.

**10.** Os membros da Corporación teñen o deber de gardar reserva en relación coas informacións que se lles facilite para facer posible o desenvolvemento da súa función, singularmente das que sexan de antecedente para decisións que aínda se atopen pendentes de adopción, así como evitar a reprodución da documentación que poda serlles facilitada, en orixinal ou en copia, para o seu estudio.

## TÍTULO SEGUNDO DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS

**Artigo 9.** Das Normas para a Constitución dos Grupos Políticos.

Os Concelleiros/as, a efectos de actuación corporativa, integraranse en Grupos Políticos Municipais ó comezo de cada mandato, que se corresponderán cos Partidos Políticos, Federacións, Coalicións ou Agrupacións Electorais que obtivesen postos na Corporación.

Os Concelleiros/as que fosen escollidos pola mesma candidatura electoral que non se integren no Grupo Político que constituía a formación electoral pola que foron escollidos ou que posteriormente abandonen o seu grupo de procedencia terán a consideración de Concelleiros non adscritos.

Ningún Concelleiro/a poderá pertencer a mais dun Grupo Político Municipal.

**Artigo 10.** Do Grupo Mixto.

Constituirase, no seu caso, un denominado grupo mixto. Enténdese por grupo mixto o formado por todos aqueles concelleiros/as que, concorrendo ás eleccións municipais, formando parte da candidatura dun partido, federación, coalición ou agrupación, dita candidatura no alcanzase o mínimo de dous escanos para formar grupo propio.

Cada un dos membros integrantes do grupo mixto disporá da parte proporcional do tempo que lle corresponde a cada grupo político.

**Artigo 11.** Do Procedemento de Constitución dos Grupos Políticos.

Os Grupos Políticos Municipais constituiranse mediante escrito dirixido á Alcaldía e subscrito por todos os seus integrantes. Dito escrito presentarase na Secretaría Xeral da Corporación dentro dos cinco días hábiles seguintes á constitución do Concello.

Naquel escrito farase constar, como mínimo, o nome do Grupo Político, o do seu Voceiro/a e o dos Voceiros/as suplentes. A designación destes cargos poderá variar durante o mandato corporativo, debendo comunicarse á Alcaldía mediante escrito no que se acredite o acordo adoptado por maioría absoluta do Grupo respectivo.

Da constitución dos Grupos Políticos, dos seus integrantes e Voceiros/as darase conta ó Concello Pleno na primeira sesión que celebre tras a presentación dos escritos citados. De igual forma se procederá coas variacións que se producisen durante o mandato.

**Artigo 12.** Do Concelleiro/a non adscrito/a.

Os Concelleiros/as que non fiquen integrados no Grupo Político constituído polos Concelleiros/as escollidos na candidatura da súa formación política, que abandonen o seu Grupo ou sexan expulsados do mesmo, terán a condición de Concelleiros/as non adscritos.

Os Concelleiros/as non adscritos, calquera que sexa o seu número, non poderán integrarse noutro Grupo Político nin constituílo, polo que a súa actuación corporativa se desenvolverá de xeito illado.

O Concelleiro/a non adscrito soamente terá os dereitos económicos e políticos que individualmente lle correspondan como membro da Corporación e estes, en ningún caso, poderán ser superiores ós que lle corresponderían de permanecer no Grupo de procedencia.

Os Concelleiros/as que adquiren a súa condición con posterioridade á sesión constitutiva da Corporación deberán incorporarse o Grupo Político formado pola lista na que fosen escollidos. En caso contrario, terán a condición de Concelleiros/as non adscritos.

Cando un Concelleiro/a adquira a condición de non adscrito darase conta o Pleno, ben polo interesado ou ben polo Voceiro/a do Grupo ó que pertencese. Serán os concelleiros/as que permanezan en dito Grupo Político os/as lexítimos integrantes deste a todos os efectos.

## TÍTULO TERCEIRO DA ORGANIZACIÓN DO CONCELLO DE FENE

### CAPITULO I.- ORGANIZACIÓN MUNICIPAL

**Artigo 13.- A organización municipal do Concello de Fene estrutúrase nos seguintes órganos:**

- a. O Alcalde ou Alcaldesa.
- b. Os/as Tenentes de Alcalde.
- c. Os/as Concelleiros/as
- d. A Xunta de Goberno Local
- e. O Pleno
- f. A Comisión Especial de Contas
- g. As Comisións Informativas
- h. A Xunta de delegados

### CAPÍTULO II.- DO/A ALCALDE/SA

**Artigo 14.** O Alcalde/sa ou Presidente/a da Corporación, ostenta a representación do Concello e as súas atribucións son aquelas que lle outorga a normativa vixente.

**Artigo 15.** Da Delegación de Atribucións.

O Alcalde ou Alcaldesa pode efectuar delegacións, agás das atribucións exceptuadas pola normativa vixente en favor da Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado. En tal caso, os acordos adoptados por esta en relación coas materias delegadas, terán o mesmo valor que as resolucións que dite o alcalde ou alcaldesa en exercicio das atribucións que non delegase, sen prexuízo da súa adopción conforme ás regras de funcionamento da Xunta.

O Alcalde ou Alcaldesa pode delegar o exercicio de determinadas atribucións nos/as tenentes de alcalde, sen prexuízo das delegacións especiais que, para cometidos específicos, poda realizar en favor de calquera concelleiro/a, aínda que non pertencesen á Xunta de Goberno Local

As delegacións xenéricas referiranse a unha ou varias áreas ou materias determinadas e poderán abranguer tanto a facultade de dirixir os servizos correspondentes, como a de xestionalos en xeral, incluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Así mesmo, o alcalde ou alcaldesa poderá efectuar delegacións especiais en calquera concelleiro/a para a dirección e xestión de asuntos determinados incluídos nas citadas

áreas. Neste caso, o/a concelleiro/a que ostente unha delegación xenérica terá a facultade de supervisar a actuación dos/as concelleiros/as con delegacións especiais para cometidos específicos incluídos na súa área.

As delegacións especiais poderán ser de tres tipos:

- a.** Relativas a un proxecto ou asunto determinado. Neste caso a eficacia da delegación, que poderá conter todas as facultades delegables do alcalde ou alcaldesa, incluída a de emitir actos que afecten a terceiros, se limitará ó tempo de xestión ou execución do proxecto.
- b.** Relativas a un determinado servizo. Neste caso a delegación comprenderá a dirección interna e a xestión dos servizos correspondentes, pero non poderá incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.
- c.** Relativas a un distrito ou barrio. Poderán incluír todas as facultades delegables do alcalde ou alcaldesa en relación con certas materias, pero circunscritas ó ámbito territorial da delegación. En caso de coexistir este tipo de delegacións con delegacións xenéricas por áreas, os decretos de delegación establecerán os mecanismos de coordinación entre unhas e outras, de tal maneira que fiquen garantida a unidade de goberno e xestión do municipio.

As delegacións deberán ser realizadas mediante Resolución que conterá o ámbito dos asuntos ós que se refire a delegación, as facultades que se delegan, así como as condicións específicas do exercicio das mesmas.

O Alcalde/sa poderá, en calquera momento, modificar, revogar ou avogar para si todas ou parte das atribucións que delegase.

A delegación de atribucións do Alcalde/sa producirá efectos desde o día seguinte ó da data do decreto, salvo que nela se dispoña outra cousa, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia.

De todas as delegacións e das súas modificacións darase conta ao Pleno da primeira sesión que celebre con posterioridade ás mesmas.

### **CAPÍTULO III.- DOS/AS TENENTES DE ALCALDE**

#### **Artigo 16.- Dos/as Tenentes de Alcalde**

Os/as Tenentes de Alcalde substitúen ó Alcalde/sa pola orde do seu nomeamento nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, sendo libremente designados e cesados por este de entre os membros da Xunta de Goberno Local.

Os nomeamentos e ceses faranse mediante Resolución do Alcalde/sa da que se dará conta ao pleno na primeira sesión que celebre, notificándose ademais persoalmente ós/ás designados/as e publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ao da sinatura da resolución polo Alcalde/sa, se nela non dispuxese outra cousa.

O número de tenentes de Alcalde/sa non poderá exceder do número de membros da Xunta de Goberno Local.

A condición de tenente de Alcalde/sa pérdese, ademais de polo cese, por renuncia expresa manifestada por escrito e por perda da condición de membro da xunta de goberno local.

### **Capítulo IV.- DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

#### **Sección Primeira.- Composición e atribucións**

**Artigo 17.** A Xunta de Goberno Local, integrada polo Alcalde/sa, que a presidirá, e por un número de Concelleiros/as non superior ó terzo do número legal dos mesmos, nomeados e separados libremente polo Alcalde/sa, exercerá aquelas atribucións que este ou outro órgano municipal lle delegue, e asistíralle no exercicio das súas funcións, así como aquelas atribucións que expresamente lles asignen as Leis.

### **Sección segunda.- Funcionamento da Xunta de Goberno Local**

**Artigo 18.** Da Periodicidade das súas Sesións.

A Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria coa periodicidade que estableza o Pleno da Corporación.

Ó inicio de cada mandato corporativo o Pleno da Corporación determinará o día e a hora na que se celebrará.

As sesións extraordinarias e as urxentes terán lugar cando, con tal carácter, sexan convocadas polo Alcalde/sa.

O Alcalde/sa poderá en calquera momento reunir á Xunta de Goberno Local cando estime necesario coñecer o seu parecer ou pedir a súa asistencia con anterioridade a ditar resolucións no exercicio das atribucións que lle correspondan.

**Artigo 19.** Da Convocatoria.

Entre a convocatoria e a celebración da sesión non poderán transcorrer menos de vinte e catro horas, salvo no caso das extraordinarias urxentes.

As convocatorias ordinarias da Xunta de Goberno Local serán remitidas ós concelleiros/as segundo o seguinte procedemento:

**3.** No momento no que o Alcalde-Presidente asine a convocatoria, o concelleiro/a recibirá unha mensaxe curta de texto no teléfono móbil que indique na Secretaría Xeral do Concello. A mensaxe informará da data, hora e lugar de convocatoria da sesión, así como do lugar no que pode consultar e recoller a mesma convocatoria e a documentación pertinente en papel.

**4.** Ó mesmo tempo, o concelleiro/a en cuestión recibirá no enderezo que indique un correo electrónico con acuse de recibo no que se axunte copia da convocatoria e, de ser o caso, copia da acta/s que sexa preciso aprobar na sesión convocada; ámbolos dous documentos en formato pdf.

Motivándoo previamente, calquera concelleiro/a poderá renunciar a este xeito de notificación e solicitar que a convocatoria lle sexa entregada persoalmente no seu domicilio mediando vinte e catro horas entre a notificación e a celebración da sesión correspondente.

As convocatorias extraordinarias e urxentes serán sempre entregadas en man ós concelleiros/as no seu domicilio ou no enderezo que especifique.

**Artigo 20.** Da Publicidade.

As sesións da Xunta de Goberno Local non son públicas.

No prazo de dez días, a copia da acta deberá estar a disposición de todos os Grupos Políticos Municipais.

## CAPÍTULO V- DO PLENO

### **Sección I.- Composición**

Artigo 21.- O pleno está integrado por tódolos/as Concelleiros/as e é presidido polo Alcalde/sa. Constitúese de conformidade coa lexislación electoral.

### **Sección II. Funcionamento do Pleno**

#### **Subsección I.- Das sesións**

**Artigo 22.** Lugar de Celebración.

O Pleno celebrará as súas sesións no Salón destinado ó efecto na Casa do Concello de Fene.

Nos casos de forza maior, mediante resolución motivada e independente da convocatoria do Pleno, notificada a todos os membros da Corporación, a Alcaldía poderá dispoñer a súa celebración noutro local ou edificio axeitado.

**Artigo 23.** Tipos de Sesións.

O Pleno poderá reunirse en sesións ordinarias, extraordinarias e extraordinarias urxentes.

**Artigo 24.** Sesións Ordinarias.

O Pleno celebrará sesión ordinaria coa periodicidade que estableza o Pleno da Corporación.

Na sesión extraordinaria que se convocará dentro dos trinta días seguintes ó da sesión constitutiva da Corporación, a proposta do Alcalde/sa, o Pleno acordará o día e a hora na que se celebraran as sesións ordinarias, en primeira convocatoria e dous días despois, á mesma hora, en segunda.

**Artigo 25.** Sesións Extraordinarias.

Son sesións extraordinarias aquelas que convoque o alcalde ou alcaldesa con tal carácter, por iniciativa propia ou de acordo co previsto legalmente para este tipo de sesións.

**Artigo 26.** Sesións Extraordinarias Urxentes.

Son sesións extraordinarias urxentes as convocadas polo Alcalde/sa cando a urxencia do asunto ou asuntos a tratar non permita convocar a sesión extraordinaria coa antelación mínima de dous días hábiles esixido pola lei.

Neste caso debe incluírse como primeiro punto da orde do día o pronunciamento do Pleno sobre a urxencia. Se esta non resulta apreciada polo Pleno, levantarase acto seguido a sesión.

**Artigo 27.** A Convocatoria.

As sesións plenarias convocaranse, polo menos, con dous días hábiles de antelación, salvo as extraordinarias que o fosen con carácter urxente, cuxa convocatoria con este carácter deberá ser ratificada polo Pleno.

As convocatorias das sesións plenarias da Corporación Municipal de Fene, agás as extraordinarias urxentes, serán remitidas ós concelleiros/as segundo o seguinte procedemento:

1. No momento no que o Alcalde-Presidente asine a convocatoria, o concelleiro/a recibirá unha mensaxe curta de texto no teléfono móbil que indique na Secretaría Xeral do Concello. A mensaxe informará da data, hora e lugar de convocatoria da sesión, así como do lugar no que pode consultar e recoller a mesma convocatoria e a documentación pertinente en papel.
2. Ó mesmo tempo, o concelleiro/a en cuestión recibirá no enderezo que indique un correo electrónico con acuse de recibo no que se axunte copia da convocatoria e, de ser o caso, copia da acta/s que sexa preciso aprobar na sesión convocada; ámbolos dous documentos en formato pdf.
3. Só no caso de que no día hábil anterior á celebración da sesión convocada non se teña recibido no correo electrónico da Secretaría Xeral a confirmación automática de lectura do correo enviado ó concelleiro/a, este será notificado polos cauces ordinarios, mediante convocatoria en papel e asinada levada ó seu domicilio.

Motivándoo previamente, calquera concelleiro/a poderá renunciar a este xeito de notificación e solicitar que a convocatoria lle sexa entregada persoalmente no seu domicilio mediando dous días hábiles entre a notificación e a celebración da correspondente sesión plenaria, xeito este último no que tamén serán notificadas, sen excepción, as sesións plenarias extraordinarias de carácter urxente, sen ter en conta a sinalada mediación de 48 horas.

Coa finalidade de fomentar a participación cidadá, tamén lle será facilitada copia da convocatoria das sesións plenarias ós presidentes/as das asociacións de veciños/as e das asociacións culturais parroquiais do Concello de Fene.

O presidente/a en cuestión recibirá unha mensaxe curta de texto no número de teléfono móbil que especifique na Secretaría Xeral do Concello, na que se lle informará da data, hora e lugar de convocatoria da sesión, así como do lugar no que pode recoller a copia da convocatoria en papel. Ó mesmo tempo, tamén lle será remitida no enderezo que indique un correo electrónico con acuse de recibo no que se axunte copia da convocatoria en formato pdf.

#### **Artigo 28.** Duración das sesións

Todas as sesións respectarán o principio de unidade de acto, procurando que finalicen dentro do mesmo día no que comecen.

O Alcalde/sa poderá acordar, durante o transcurso da sesión, as interrupcións que estime convenientes, para permitir as deliberacións dos Grupos ou para un período de descanso, cando a duración das sesións así o aconselle, debendo anunciar, o tempo da interrupción, a hora na que, dentro do mesmo día, se reanudará a sesión.

#### **Artigo 29.** Publicidade das sesións.

As sesións do Pleno son públicas. Sen embargo, poderá ser secreto o debate e votación dos asuntos que poidan afectar ós dereitos fundamentais dos cidadáns recollidos no art.18.1 da Constitución, cando así se acorde por maioría absoluta.

Para que non se altere o ritmo da sesión, estes asuntos serán incluídos ó principio da orde do día, a continuación da aprobación da Acta da sesión anterior.

O público asistente ás sesións non poderá intervir no transcurso destas, nin tampouco poderán permitirse manifestacións de agrado ou desagrado, podendo o Alcalde proceder, en casos extremos, á expulsión do asistente que por calquera causa impida o normal desenvolvemento da sesión, podendo decidir igualmente sobre a continuidade ou non da mesma, previa consulta cos Voceiros/as dos Grupos Municipais.

Nos casos nos que o Alcalde decidise non continuar o Pleno, procederase a rematar a sesión, en cuxo caso, os asuntos que quedasen pendentes incluíranse na orde do día da seguinte sesión que se celebre.

Levantada a sesión do Pleno, o alcalde ou alcaldesa pode establecer unha quenda de rogos e preguntas co público asistente sobre temas concretos de interese municipal. Corresponde ó alcalde ou alcaldesa ordenar e pechar esta quenda.

A solicitude de palabra para intervir ó final do pleno, de xeito individual ou en representación dun colectivo, deberá formulárselle verbalmente ó alcalde antes do inicio da sesión, indicando o motivo da intervención.

### **Artigo 30.** A Orde do día

A orde do día das sesións será fixada polo Alcalde/sa asistido do Secretario/a da Corporación.

Corresponde ó Alcalde/sa determinar se un asunto concreto se inclúe ou non na orde do día, ou baixo que epígrafe figurará.

## **Subsección II . Dos Debates**

---

### **Artigo 31.** Principios de Carácter Xeral.

Corresponde ó Alcalde/sa asegurar a boa marcha das sesións e acordar, no seu caso, as interrupcións que estime convenientes, dirixir os debates, manter a orde dos mesmos e sinalar os tempos de intervención, nos termos establecidos no presente Regulamento.

Os Concelleiros/as poderán facer uso da palabra previa autorización do Alcalde/sa. Unha vez obtida, non poderán ser interrompidos se non polo Alcalde para advertirlles que se esgotou o tempo, para chamarlles á cuestión ou á orde, ou para retirarlles a palabra, o que procederá unha vez transcorrido o tempo establecido e tras indicarlles dúas veces que conclúan.

En calquera momento, os membros da Corporación poderán pedir a palabra para plantexar unha cuestión de orde, invocando a norma cuxa aplicación se reclama. O Alcalde/sa resolverá o que proceda, sen que por este motivo poida entablarse ningún debate.

### **Artigo 32.** Da ordenación dos asuntos.



Todos os asuntos debateranse e votaranse seguindo a orde na que estivesen relacionados na orde do día, ou no que se estableza na mesma sesión respecto daqueles non incluídos na orde do día que se sometan ó Pleno por razóns de urxencia.

Non obstante ó disposto no número anterior, o Alcalde/sa ou Presidente/a pode alterar a orde dos temas, ou retirar un asunto cando a súa aprobación esixa unha maioría especial e esta non puidese obterse no momento previsto inicialmente na orde do día.

Calquera concelleiro/a poderá pedir, durante o debate, a retirada de algún expediente incluído na orde do día, ó efecto de que se incorporen ó mesmo documentos ou informes, e tamén que o expediente quede sobre a mesa, aprazándose a súa discusión para a seguinte sesión. En ambos casos, a petición será votada, tras acabar o debate e antes de proceder á votación sobre o fondo do asunto. Se a maioría simple votase a favor da petición non se votará a proposta de acordo.

Cando varios asuntos teñan un contido similar, poderán debaterse conxuntamente se así o dispuxese o Alcalde/sa, debendo votarse por separado, no seu caso, cada unha das propostas contidas neles.

### **Artigo 33.** Da Adopción de Acordos sen Debate.

O Alcalde/sa ou o/a Secretario/a da Corporación procederán á lectura, íntegra ou en extracto, do dictame formulado pola Comisión Informativa correspondente ou, se se trata dun asunto urxente non dictaminado pola mesma, da proposición que se somete ao Pleno. A solicitude de calquera grupo poderá darse lectura a aquelas partes do expediente ou do informe ou dictame da Comisión que considere convinte para maior comprensión.

Se ninguén solicita a palabra o asunto someterase directamente a votación.

### **Artigo 34.** Do Desenvolvemento dos Debates.

De promoverse debate, as intervencións serán ordenadas polo Alcalde ou Alcaldesa conforme ás seguintes regras:

- a.** Todo/a Concelleiro/a ten dereito á palabra. Só poderá facerse uso da palabra previa autorización do Alcalde ou Alcaldesa.
- b.** O debate iniciarase, se así o solicita, por quen promove a proposta, cunha exposición e xustificación da mesma.
- c.** A continuación os diversos grupos consumirán unha primeira quenda. O Alcalde ou Alcaldesa velará para que todas as intervencións teñan unha duración igual no tempo e sinalará a cuantificación desta duración, se o considerase necesario, antes de se iniciar a primeira delas, en atención á complexidade dos temas a tratar, dos problemas que se formulen e do maior ou menor tempo con que se conte para a consideración dos asuntos incluídos na orde do día da sesión de que se trate.

### **Artigo 35.** Da Primeira Quenda de Intervencións.

As quendas xerais de intervención dos Grupos Políticos Municipais e Concelleiros/as non adscritos serán iniciados polo principal grupo da oposición, seguido do resto dos grupos en orde á súa importancia numérica e no caso de igualdade comezando polo que teña maior número de votos.

O grupo ou grupos que sustenten ó goberno pecharán a quenda de intervencións en orde inversa á súa representatividade no pleno. No caso das mocións, o relator realizará unha primeira intervención para presentar e explicar a moción e no debate intervirá en último lugar sempre na primeira quenda.

**Artigo 36.** Da Segunda Quenda de Intervencións.

Se algún Grupo así o solicitase procederáse a unha segunda quenda, na que os Grupos, pola mesma orde que se indicou no artigo anterior, poderán volver a facer uso da palabra para fixar a súa posición e explicar o seu voto.

As intervencións desta segunda rolda non poderán ter unha duración superior á metade do tempo concedido a cada grupo na primeira quenda.

Rematada esta segunda quenda, o Alcalde/sa someterá, de ser o caso, o asunto obxecto de debate a votación.

**Artigo 37.** Das Intervencións por Alusións.

Cando no desenvolvemento do debate se fixesen alusións sobre a persoa ou conduta dun membro da Corporación, este poderá solicitar do Alcalde/sa que se lle conceda o uso da palabra por tempo non superior a 5 minutos para, sen entrar no fondo do asunto en debate, contestar estritamente ás alusións realizadas.

Cando a alusión afecte á dignidade ou ó decoro dun Grupo, o Alcalde/sa poderá conceder ó seu Voceiro/a o uso da palabra polo mesmo tempo e nas mesmas condicións que as establecidas no parágrafo anterior.

**Subsección III.- Das votacións.**

**Artigo 38.**

Unha vez finalizadas as intervencións, o Alcalde/sa dará por acabado o debate, procedéndose, a continuación, á votación dos asuntos debatidos.

**Subsección IV.- Das emendas ás propostas de acordo.**

**Artigo 39.**

Emenda, é a proposta de modificación dun dítame ou proposición presentada por calquera membro da Corporación no Rexistro Xeral, mediante escrito dirixido o Presidente e subscrito polo Voceiro/a do Grupo antes de iniciarse a deliberación dun asuntos, ou tamén aquela presentada de viva voz durante o debate en pleno.

A emenda será de supresión cando se dirixa a eliminar da proposta de acordo ou do texto inicial do Dictame, Proposición ou Moción, algún dos puntos ou aspectos parciais da mesma.

A emenda será de modificación, cando pretenda transformar ou alterar algún ou algúns dos puntos das propostas de acordo ou dos textos iniciais do Dictame, da Proposición ou Moción.

A emenda será de adición, cando respectando o texto da proposta de acordo ou dos textos iniciais do Dictame, Proposición ou Moción se dirixa á súa mellora e ampliación.

A emenda será transaccional cando, previo acordo entre dous ou mais Grupos Municipais, cada un retira as súas emendas para que prospere outra consensuada entre todos eles.

No caso de que as enmendas sexan rexeitadas polo ponente, someterase a votación, sen mais debate, a proposta de acordo ou texto da Proposición ou Moción iniciais.

#### **Subsección V.- Das mocións de urxencia.**

##### **Artigo 40.**

Moción é a proposta que se somete directamente ó Pleno por razóns de urxencia presentada no Rexistro Xeral por calquera membro da Corporación, mediante escrito dirixido ó Presidente e no que se motive debidamente a urxencia, suscrito polo Voceiro/a do Grupo, ata as trece horas do día anterior a aquel no que se celebre a sesión plenaria, salvo casos de forza maior no que se permitirá a presentación no momento do inicio do Pleno.

Finalizado o debate e votación dos asuntos comprendidos na orde do día, e inmediatamente antes dos Rogos e Preguntas, entrarase no coñecemento das Mocións de urxencia, previa a súa aceptación de tal carácter polo Pleno, que a decidirá por maioría absoluta.

O seu debate e votación rexerese polas regras xerais establecidas no presente Regulamento.

#### **Subsección VI.- Dos rogos e preguntas.**

##### **Artigo 41.**

Rogo é a formulación dunha proposta de actuación dirixida a algún dos órganos de Goberno Municipal.

Pregunta é calquera cuestión formulada ós órganos de Goberno na sesión do Pleno.

As preguntas formuladas por escrito ou oralmente no transcurso dunha sesión, serán contestadas polo seu destinatario no mesmo momento ou na sesión seguinte, salvo as formuladas por escrito con vinte e catro horas de antelación, que serán contestadas ordinariamente na sesión ou, por causas debidamente motivadas, na seguinte.

Os rogos e as preguntas non poderán ser sometidos a votación en ningún caso.

### **CAPÍTULO VI.- DA ORGANIZACIÓN COMPLEMENTARIA DO CONCELLO DE FENE.**

#### **SECCION I.- Órganos complementarios, Atribucións e Composicións**

**Artigo 42.-** Son órganos complementarios no Concello de Fene:

- a. Os/as concelleiros/as delegados/as.
- b. As Comisións Informativas.

- c. A Comisión Especial de Contas.
- d. A Xunta de delegados.

## **SECCIÓN II: Dos/as concelleiros/as delegados/as**

**Artigo 43.-** Os/as concelleiros/as delegados/as son aqueles/as concelleiros/as que ostentan algunhas delegacións de atribucións do alcalde ou alcaldesa, previstas neste Regulamento.

Pérdese a condición de concelleiro/a delegado/a:

- a. Por renuncia expresa, que deberá ser formalizada por escrito ante a Alcaldía.
- b. Por revogación da delegación, adoptada polo alcalde ou alcaldesa coas mesmas formalidades previstas para a outorgar.

### **Artigo 44**

Os/as concelleiros/as delegados/as terán as atribucións que se especifiquen no respectivo Decreto de delegación, e as exercerán de acordo co que nel se prevea.

## **SECCIÓN III: Das Comisións Informativas**

### **Artigo 45**

As Comisións Informativas, integradas por membros da Corporación, son órganos sen atribucións resolutorias que teñen por función o estudio, informe ou consulta e preparación dos asuntos que deban ser sometidos á decisión do Pleno e da Xunta de Goberno Local cando esta actúa con competencias delegadas polo, salvo cando haxan de adoptarse acordos declarados urxentes. Todos os Grupos Políticos e concelleiros/as non adscritos integrantes da Corporación terán dereito a participar nestes órganos, mediante a presenza de concelleiros/as pertencentes ós mesmos.

Igualmente informarán aqueles asuntos da competencia propia da Xunta de Goberno Local e do alcalde ou alcaldesa que lles sexan sometidos ó seu coñecemento por expresa decisión de aqueles.

Ademais dos asuntos que requiran ditame para o Pleno da Corporación o para a Xunta de Goberno Local, a orde do día das comisións informativas poderá incluír un punto xenérico de informe, estudo e consenso sobre as accións en curso ou previstas na área en cuestión.

### **Artigo 46**

As Comisións Informativas poden ser permanentes e especiais.

Son Comisións Informativas permanentes as que se constitúen con carácter xeral, distribuindo entre elas as materias que deban someterse ó Pleno. O seu número e denominación iniciais, así como calquera variación das mesmas durante o mandato corporativo, se decidirá mediante acordo adoptado polo Pleno a proposta do alcalde ou alcaldesa, procurando, na medida do posible, a súa correspondencia co número e denominación das grandes áreas en que se estruturen os servizos corporativos.

Son Comisións Informativas especiais ás que o Pleno acorde constituír para un asunto concreto, en consideración ás súas especiais características de calquera tipo.

Estas Comisións extínguense unha vez que ditaminan ou informan sobre o asunto que constitúe o seu obxecto, salvo que o acordo plenario que as creou dispuxese outra cousa.

#### **Artigo 47**

O alcalde ou alcaldesa-presidente/a do Concello de Fene é o presidente/a nato de todas as Comisións Informativas que funcionen neste Concello, sen prexuízo de que poida delegar a presidencia efectiva en calquera membro da Corporación.

Será secretario/a das Comisións Informativas o/a funcionario/a designado ó efecto, a proposta do/a Secretario/a Xeral.

#### **Artigo 48**

Cada Comisión estará integrada de forma que a súa composición se acomode á proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos municipais e concelleiros/as non adscritos representados na Corporación.

#### **Artigo 49**

A adscrición concreta a cada Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo e concelleiros/as non adscritos realizarase mediante escrito do concelleiro/a ou voceiro/a do grupo dirixido ó alcalde ou alcaldesa podendo designarse, de igual forma, neste último caso, un/unha suplente por cada titular. Das designacións darase conta ó Pleno.

#### **Artigo 50**

Os ditames das Comisións Informativas non son vinculantes aínda que si preceptivos como previos ás decisións que adopte o Concello Pleno ou, pola súa delegación, ás da Xunta de Goberno Local.

En supostos de urxencia e nas sesións ordinarias, o Pleno ou a Xunta de Goberno Local poderán adoptar acordos sobre asuntos non ditaminados pola correspondente Comisión Informativa, pero, nestes casos, do acordo adoptado deberá darse conta á Comisión Informativa na primeira sesión que se celebre. A proposta de calquera dos membros da Comisión Informativa, o asunto deberá ser incluído na orde do día do seguinte Pleno con obxecto de que este delibere sobre a urxencia acordada, no exercicio das súas atribucións de control e fiscalización.

### **SECCIÓN IV: Da Comisión Especial de Contas**

#### **Artigo 51**

A Comisión Especial de Contas é de existencia preceptiva, segundo dispón o artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e a súa constitución, composición e integración e funcionamento axústase ó establecido para as demais Comisións Informativas.

Corresponde á Comisión Especial de Contas o exame, estudo e informe de todas as contas, orzamentarias e extraorzamentarias, que deba aprobar o Pleno da Corporación, de acordo co establecido na lexislación reguladora da contabilidade das entidades locais.

Ben a través do Regulamento Orgánico ou mediante acordo adoptado polo Pleno da Corporación, a Comisión Especial de Contas poderá actuar como Comisión Informativa permanente para os asuntos relativos a economía e facenda da entidade.

## **SECCIÓN V.- DA XUNTA DE DELEGADOS/AS**

### **Artigo 52.-** Da súa Composición e Atribucións.

A Xunta de Delegados está integrada polo Alcalde/sa, que actuará como presidente, e os Concelleiros/as responsables das áreas ou Concelleiros/as Delegados, que actuarán como vocais.

Será secretario/a da Comisión o/a da Corporación ou funcionario/a en quen delegue.

A Xunta de Delegados depende xerarquicamente da Alcaldía, e as súas competencias serán as seguintes:

1. Coordinar os traballos dos concelleiros/as responsables de áreas e dos concelleiros/as delegados.
2. Deliberación dos asuntos que se tratarán na Xunta de Goberno Local ou no Pleno.
3. Informar á Alcaldía dos asuntos que fosen obxecto de delegación.

## **CAPÍTULO II.- DO FUNCIONAMENTO DOS ÓRGANOS COMPLEMENTARIOS.**

### **SECCIÓN I.- FUNCIONAMENTO DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS.**

#### **Artigo 53**

As Comisións Informativas celebrarán sesións ordinarias coa periodicidade que acorde o Pleno no momento de constituílas, nos días e horas que estableza o alcalde ou alcaldesa, ou o seu respectivo presidente/a, quen poderá, así mesmo, convocar sesións extraordinarias ou urxentes das mesmas. O alcalde ou alcaldesa ou presidente/a da Corporación, ou o presidente/a da Comisión, estará obrigado a convocar sesión extraordinaria cando o solicite a cuarta parte, polo menos, dos membros da Comisión.

As sesións poden celebrarse na sede do Concello de Fene, ou noutras dependencias do mesmo.

As convocatorias corresponden ó alcalde ou alcaldesa ou presidente/a da Corporación, ou ó presidente da Comisión e deberán ser notificadas ós membros da Comisión ou, no seu caso, ós grupos municipais cunha antelación de dous días hábiles, salvo as urxentes. En todo caso, acompañarase da orde do día. O procedemento a seguir será o seguinte:

1. No momento no que o Presidente/a da comisión asine a convocatoria, o concelleiro/a recibirá unha mensaxe curta de texto no teléfono móbil que indique na Secretaría Xeral do Concello. A mensaxe informará da data, hora e lugar de convocatoria da sesión, así como do lugar no que pode consultar e recoller a mesma convocatoria e a documentación pertinente en papel.
2. Ó mesmo tempo, o concelleiro/a en cuestión recibirá no enderezo que indique un correo electrónico con acuse de recibo no que se axunte copia da convocatoria e, de ser o caso, copia da acta/s que sexa preciso aprobar na sesión convocada; ámbolos dous documentos en formato pdf.

3. Só no caso de que no día hábil anterior á celebración da sesión convocada non se teña recibido no correo electrónico da Secretaría Xeral a confirmación automática de lectura do correo enviado ó concelleiro/a, este será notificado polos cauces ordinarios, mediante convocatoria en papel e asinada levada ó seu domicilio.

Motivándoo previamente, calquera concelleiro poderá renunciar a este xeito de notificación e solicitar que a convocatoria lle sexa entregada persoalmente no seu domicilio mediando dous días hábiles entre a notificación e a celebración da correspondente sesión, xeito este último no que tamén serán notificadas, sen excepción, as sesións plenarias extraordinarias de carácter urxente, sen ter en conta a sinalada mediación de 48 horas.

Na orde do día das Comisións Informativas incluírase un punto de rogos e preguntas, cun contido esencial de enunciado e resposta que se recollerá na acta da comisión a semellanza dos outros puntos da orde do día.

#### **Artigo 54**

A válida celebración das sesións require en primeira convocatoria a presenza da maioría absoluta dos compoñentes da Comisión, xa sexan titulares ou suplentes, e un mínimo de tres membros en segunda convocatoria, unha hora máis tarde da hora sinalada.

O/a presidente/a dirixe e ordena, ó seu prudente arbitrio, respectando os principios xerais que rexen os debates plenarios, os debates da Comisión.

Os ditames aprobaranse sempre por maioría simple dos presentes, decidindo as igualadas o/a presidente/a con voto de calidade.

#### **Artigo 55**

Ningunha Comisión poderá deliberar sobre asuntos da competencia de outra, a menos que se trate de problemas comúns, caso no que poderá convocarse polo/a presidente/a da Corporación, a proposta dos presidentes/as das respectivas Comisións, unha sesión conxunta.

O ditame da Comisión poderá limitarse a mostrar a súa conformidade coa proposta que lle sexa sometida polos servizos administrativos competentes ou ben formular unha alternativa.

Os membros da Comisión que disintan do ditame aprobado por esta poderán pedir que conste o seu voto en contra ou formular voto particular para a súa defensa ante o Pleno.

#### **Artigo 56**

O/a presidente/a de cada Comisión poderá requirir a presenza, nas súas sesións, de persoal ou membros da Corporación a efectos informativos.

Ás sesións da Comisión de Facenda asistirá, en todo caso, o/a funcionario/a responsable da Intervención.

De cada unha das sesións das Comisións Informativas levantarase acta na que se recollerán os acordos e aquelas intervencións en que así se solicite pola persoa que intervén, os ditames aprobados e os votos particulares que fosen formulados a aqueles, así como as preguntas e respostas das consultas efectuadas no apartado de rogos e preguntas.

#### **Artigo 57**

En todo o non previsto neste capítulo serán de aplicación as disposicións sobre funcionamento do Pleno.

## **SECCIÓN II.- DO FUNCIONAMENTO DA XUNTA DE DELEGADOS/AS**

### **Artigo 58.** Periodicidade das Sesións.

A Xunta de delegados celebrará sesión ordinaria con carácter mensual.

Ó inicio de cada mandato corporativo o Alcalde/sa determinará o día da semana e a hora na que se celebrará. A Alcaldía Presidencia poderá adiantar ou demorar as sesións así como suspendelas por causa xustificada e mediante Decreto no que se faga constar a mesma.

As sesións extraordinarias e as urxentes terán lugar cando, con tal carácter, sexan convocadas polo Alcalde/sa.

O Alcalde/sa poderá en calquera momento reunir á Xunta de Delegados, cando estime necesario coñecer o seu parecer ou pedir a súa asistencia con anterioridade a ditar resolucións no exercicio das atribucións que lle correspondan.

### **Artigo 59.** A convocatoria.

Entre a convocatoria e a celebración da sesión non poderán transcorrer menos de vinte e catro horas, salvo no caso das extraordinarias urxentes.

As convocatorias ordinarias da Xunta de Delegados serán remitidas ós concelleiros/as segundo o seguinte procedemento:

- 1.** No momento no que o Alcalde-Presidente asine a convocatoria, o concelleiro/a recibirá unha mensaxe curta de texto no teléfono móbil que indique na Secretaría Xeral do Concello. A mensaxe informará da data, hora e lugar de convocatoria da sesión, así como do lugar no que pode consultar e recoller a mesma convocatoria e a documentación pertinente en papel.
- 2.** Ó mesmo tempo, o concelleiro/a en cuestión recibirá no enderezo que indique un correo electrónico con acuse de recibo no que se axunte copia da convocatoria e, de ser o caso, copia da acta/s que sexa preciso aprobar na sesión convocada; ámbolos dous documentos en formato pdf.

Motivándoo previamente, calquera concelleiro/a poderá renunciar a este xeito de notificación e solicitar que a convocatoria lle sexa entregada persoalmente no seu domicilio mediando vinte e catro horas entre a notificación e a celebración da sesión correspondente.

As convocatorias extraordinarias e urxentes serán sempre entregadas en man ós concelleiros/as no seu domicilio ou no enderezo que especifique.

## **DISPOSICIÓNS ADICIONAIS**

### **Primeira**



En todo o non previsto no presente Regulamento, aplicarase o disposto no Real de Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

## **Segunda**

---

O Escudo Heráldico do Concello de Fene é o aprobado pola corporación municipal nas sesións de 28 de novembro de 1983 e 13 de marzo de 1984, validado pola Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia e a Real Academia da Historia, que contén como elementos básicos, sobre fondo de ouro, unha barca de vela en mar prata e azul, sobre a que se sitúan oito roeles de gules, sete en forma de semicírculo e un dentro deste.

Ademais do escudo heráldico, o Concello de Fene poderá usar un ou varios logotipos que identifiquen á institución municipal. O deseño e uso de uns e outros determinarase no Manual de Imaxe Corporativa que, en cada ocasión, aprrobe o Pleno Municipal.

## **Terceira**

---

Ademais do exposto no presente regulamento, os tratamentos honoríficos e demais cuestións relativas ás honras e distincións do Concello de Fene serán ampliadas e concretadas no Regulamento de Honras e Distincións que aprobará a Corporación Municipal.

## **Cuarta**

---

O Portal da Cidadanía ou páxina web do Concello de Fene constitúe, ademais dunha aposta da administración polo emprego das novas tecnoloxías, un instrumento eficaz de comunicación entre a Corporación Municipal e os veciños e veciñas de Fene.

Por iso, ademais de polos medios previstos legalmente, tamén se remitirán á páxina web para a súa publicidade:

- a.** As actas dos Plenos, garantindo sempre a protección de datos de carácter persoal e o carácter confidencial de determinados acordos e deliberacións.
- b.** As convocatorias, bases e listas provisionais e definitivas de admitidos e excluídos en calquera dos procesos de selección de persoal que leve a cabo o Concello.
- c.** Toda a oferta de actividades, convocatorias, concursos... destinadas ós cidadáns/ás que desenvolvan os diferentes departamentos municipais.
- d.** En xeral, tódolos edictos, bandos, avisos, anuncios, circulares informativas, programas, comunicacións e todas cantas cuestións se tramiten no concello que teñan como destinatarios ós veciños/as de Fene, incluídos todos aqueles anuncios que se remitan ós medios de comunicación convencionais e ós boletíns oficiais das diferentes administracións.

A web é unha canle fundamental de información para a cidadanía, polo que a publicación de documentación a través dela figurará de forma explícita en bases, convocatorias, resolucións, contratacións... e outra documentación análoga que se emita.

Toda a papelería, publicidade e rotulación dos bens mobles e inmobles deberá incorporar, xunto ó escudo ou logotipo do concello, a dirección da páxina web.

#### Quinta

---

O procedemento a seguir para a remitir ós Concelleiros/as a convocatoria das sesións das comisións informativas e comisións especiais será o mesmo que o establecido no presente regulamento para as convocatorias das sesións plenarias da Corporación.

#### Sexta

O presente Regulamento poderá ser obxecto de modificación ou revisión en calquera momento, sempre que así sexa acordado en sesión plenaria por maioría absoluta dos membros que integren a Corporación.

### DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Derróganse cantas normas municipais do Concello de Fene se opoñan total ou parcialmente ó contido deste Regulamento.

### DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.”

Non producíndose debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sometese a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Organización e Seguridade adoptado en sesión de data 3 de marzo de 2008, sendo aprobado por unanimidade .

*Á vista do resultado da votación, declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Organización e Seguridade adoptado en sesión de data 3 de marzo de 2008, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.*

#### **4º.- DELEGACIÓN NO CONCELLO DE ARES DE COMPETENCIA OU POTESTADE EXPROPIATORIA PARA LEVAR A CABO A EXPROPIACIÓN DOS TERREOS SITOS NO TÉRMINO MUNICIPAL DE FENE NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DA OBRA “ACTUACIÓN DE SANEAMENTO NA ZONA NORTE DA RÍA DE ARES E NA ZONA SUR DA RÍA DE FERROL, ARES, FENE E MUGARDOS.-**

Seguidamente dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 21 de febreiro de 2008, que transcrito di:

**“2.- DELEGACIÓN NO CONCELLO DE ARES DA COMPETENCIA OU POTESTADE EXPROPIATORIA A EFECTOS DE LEVAR A CABO A EXPROPIACIÓN DOS TERREOS SITOS NO CONCELLO DE FENE PARA A EXECUCIÓN DA OBRA “ACTUACIÓN DE SANEAMENTO NA ZONA NORTE DA RÍA DE ARES E NA ZONA SUR DA RÍA DE FERROL. ARES, FENE E MUGARDOS.**

Seguidamente dáse conta da proposta da Alcaldía de data 18 de febreiro de 2008 que, transcrita di:

### “ PROPOSTA

Resultando que con data 26 de novembro de 2007 asinou se polos Concellos de Ares, Fene e Mugardos o Convenio de Colaboración para o desenvolvemento conxunto da cesión ou posta a disposición de terreos para a execución da “Actuación de saneamento na zona norte da ría de Ares e na Zona Sur da ría de Ferrol, Ares, Fene e Mugardos” segundo anteproxecto aprobado definitivamente o 6 de novembro de 2007 polo Presidente da empresa Pública de obras e servizos hidráulicos da Consellería de Medio Ambiente e desenvolvemento sostible.

Resultando que polo Pleno da Corporación en sesión extraordinaria urxente celebrada en data 28 de decembro de 2008 acordouse prestar aprobación ao convenio anteriormente citado.

Resultando que o devandito convenio na súa estipulación primeira sinala que os Concellos asinantes comprométese á adquisición conxunta dos terros necesarios ben mediante acordos amistosos ou expropiacións, trámites que levará a cabo o Concello de Ares, por ser o máis afectado e no que se ubicará a EDAR

Considerando que có fin de dar cumprimento ao acordado faise necesario proceder a efectuar no Concello de Ares a delegación da competencia ou potestade expropiatoria para a expropiación dos terreos sitios neste municipio e que figuran detallados no anteproxecto das obras xa citado e que tal e como resulta do anexo nº 9 “Parcelario y expropiaciones” Tomo II: Memoria y anexos do anteproxecto de construción e explotación: Actuacións de saneamento na zona norte da ría de Ares e na zona sur da ría de Ferrol”, o número de parcelas afectadas e as valoracións que se sinalan para este Concello son as seguintes:

Concello de Fene: Número de parcelas: 39, superficie total: 12.741,00 m<sup>2</sup>; valoracións expropiacións: 184.152,53 €

Visto o artigo 27 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Delegar no Concello de Ares a competencia ou potestade expropiatoria para levar a cabo a expropiación dos terreos sitios no término municipal de Fene necesarios para a execución da obra “ Actuación de saneamento na zona norte da ría de Ares e na zona Sur da Ría de Ferrol, Ares, Fene e Mugardos”, segundo anteproxecto aprobado definitivamente o 6 de novembro de 2007 polo presidente da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos da Consellería de Medio ambiente e Desenvolvemento Sostible.

**Segundo.-** A presente delegación surtirá efectos desde a data da súa aceptación polo Concello de Ares.

A duración da presente delegación e a súa efectividade será a establecida no convenio de colaboración asinado entre as partes e, en todo caso, seguirá vixente ata tanto quede pendente calquera resolución xudicial sobre o xustiprezo.

En canto aos gastos de xestión e funcionamento serán os previstos nas estipulacións 2 e 4 do convenio asinado entre as partes en data 26 de novembro de 2007.

**Terceiro.-** Remitir certificación do presente acordo ao Concello de Ares, a efectos da súa aceptación e publicar a o mesmo no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia.”

De seguido dáse conta do informe de Secretaría de data 18 de febreiro de 2008 no que, nos seus fundamentos de dereito e conclusión di:

### “FUNDAMENTOS DE DEREITO

#### CUESTIÓN PREVIA

Como cuestión previa déixase constancia de que o expediente examinado non se atopa numerado nin asinado en tódalas súas follas útiles polo funcionario encargado da súa tramitación, tal e como dispón o artigo 164.2 do R.O.F., polo que se formula a oportuna observación e se informa da necesidade de cumprimentar o disposto en dito precepto regulamentario.

**Primeiro.-** O estudio da posibilidade legal de delegación no Concello de Ares da potestade expropiatoria para levar a cabo a expropiación dos terreos sitos no Concello de Fene necesarios para a execución da obra citada nos antecedentes do presente debe realizarse partindo de determinar se o Concello de Fene está facultado para levar a cabo a expropiación de ditos terreos.

E para efectuar dito análise debe partirse do disposto no artigo 2 da Lei de Expropiación Forzosa de 16 de decembro de 1954( en adiante L.E.F.), preceoti éste que dispón que “*La expropiación forzosa sólo podrá ser acordada por el Estado, la Provincia o el Municipio*”, aos que débense engadir , tra-la Consitución española ,as Comunidades Autónomas.

O artigo 3 do Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa de 26 de abril de 1957 establece que:

:  
*1. A los efectos del presente Reglamento, se entiende por expropiante el titular de la potestad expropiatoria; por beneficiario, el sujeto que representa el interés público o social para cuya realización está autorizado a instar de la Administración expropiante el ejercicio de la potestad expropiatoria, y que adquiere el bien o derecho expropiados, y por expropiado, el propietario o titular de derechos reales e intereses económicos directos sobre la cosa expropiada, o titular del derecho objeto de la expropiación.”*

Polo tanto, a potestade expropiatoria corresponde a unha pluralidade de suxeitos públicos facultados polo ordenamento xurídico para o seu lexítimo exercicio: os que contempla o artigo 2.1 da L.E.F. e lembra o artigo 3, parágrafos 1 a 4 do Regulamento de expropiación forzosa, que son o Estado, as Comunidades Autónomas( tra-la Constitución española) , a Provincia e o Municipio.

Agora ben, a potestade expropiatoria de ditas Administracións territoriais debe ser exercida por cada unha delas dentro do ámbito material e territorial das súas respectivas competencias, é dicir, en relación coas respectivas atribucións e no seu ámbito territorial

Así a Sentencia do Tribunal Supremo de 10 de febreiro de 1978, que desestima o recurso de apelación interposto contra Sentencia da Sala Primeira de Barcelona de 29 de decembro de 1972, aceptando os considerandos desta última, no 9,10 11, e 12, sinala:

“8º.- Que la declaración de utilidad pública y la necesidad de ocupación, presupuesto legitimador de la expropiación, no puede buscarse, en el caso de este recurso, en un “proyecto de obras municipales” pues además de tener la discutida el signo de lo estatal, aunque redunde en pro de los intereses de la comunidad municipal, es lo cierto que no se trata de una “obra” municipal objeto de un “proyecto” que se haya sujetado al trámite de lo que respecto a las de “urbanización” se establece en la L. Del Suelo(.../...) y es que , en realidad, como “obra estatal” ha sido objeto de un proyecto elaborado por la Administración Central ( Ramo de Obras Públicas) y aprobado en su seno, “proyecto” que, en cuanto ha sido reglamentado aprobado, implicará la declaración de utilidad pública (art. 10 de la L.Ex.For.) y facultará a la Administración para acudir al procedimiento expropiatorio (arts. 15 y sgt. de la misma Ley), por lo que el tema no es de una expropiación basada en un “proyecto municipal” y, por tanto no se trata de ejercicio de potestad expropiatoria con base en un “proyecto “ de obras municipales, sino de si es admisible , en derecho, que la Administración Local con base en un “proyecto estatal”, respecto de una sometida al régimen de las públicas del Estado, acuerde la expropiación del terreno necesario para indicada obra, y una vez adquirido este terreno por medio forzoso de la expropiación, lo aporte al Estado; aunque antes del estudio de este punto, tenemos que examinar el art. 5º de la Ley de 3 de diciembre de 1953, que aprobó el Plan Comarcal y los arts. 43 y 44 del Reglamento de esta Ley, legitiman, sin otro desarrollo, para proceder a la expropiación, pues éste es el fundamento que se aduce en el acto resolutorio del recurso de reposición.

(.../....) 10º. Que el reconocimiento en la L. Ex. For. (en el art. 1º) de una amplia potestad expropiatoria y atribución de la titularidad de esta potestad entre otros sujetos de la Administración, a los municipios( en el art. 2º 1) no es bastante para justificar, en concreto, una actuación expropiatoria, pues será preciso que tal actuación tenga su causa en la utilidad pública del fin a que haya de afectarse el objeto expropiado (art. 9) y que, cabalmente, se ejercite la potestad por el sujeto titular que tiene encomendado tal fin ( art. 3º 2) del Reglamento de 26 de abril de 1957, de suerte que si la “obra “ es de carácter estatal, y por esto objeto de un “proyecto de obra pública estatal”, la llamada a realizar la expropiación será la Administración del Estado, y si la “obra” es municipal, y, como tal, objeto de un “proyecto “local, la titular expropiante será la Adminsitración Local, explicación de la que se colige , con facilidad, que tratándose de un “proyecto de carretera” tramitado y aprobado en el seno de la Adminsitración Central- como es el caso de este recurso- la expropiante debe ser esta Administración, a través del órgano que en el concreto ramo de obras públicas, tiene atribuída la competencia.

11. Que en realidad, sobre la base de un “Proyecto Estatal”, que pudo legitimar a la Administración Central en el trámite de los arts.5 y siguientes de la L. Ex. For., pues la aprobación de aquel lleva implícita la utilidad pública (art. 10), la Administración municipal, asumiendo el ejercicio de la titularidad expropiatoria y, en consecuencia, actualizando una potestad cuyo ejercicio incumbía a otros ( como se dispone en el art. 3º .3) del Reglamento, y entendiendo que la necesidad de ocupación quedaba suplida por una supuesta inclusión de la “Obra” en el “Programa de Inversiones Públicas” del II Plan de desarrollo, ha provocado un desplazamiento de sujeto expropiante, lo que, en el fondo, se pretende justificar- en lo económico- en haber asumido la Administración Municipal, el costo de la “expropiación”, y, en lo jurídico, en instrumentos distintos del que realmente lleva implícita la utilidad pública justificativa de que pueda adquirirse, por la vía expropiatoria, y por la Adminsitración competente , la finca del recurrente; por esto, estudiada ya esta última cuestión, tenemos que analizar si el costear el Ayuntamiento demandado la expropiación le faculta para asumir la posición de Administración expropiante, y, en definitiva, si cabe una disociación de titularidad del “proyecto” y “obra” y de titularidad expropiatoria que explique y justifique que la Administración Municipal puede actuar como Administración expropiante de bienes precisos para una obra estatal.

12. Que la potestad expropiatoria, reconocida en el art. 2º de la L. Ex. For., debe ejercitarse por el sujeto con competencia para la realización de la obra a cuyo fin haya de afectarse el objeto expropiado, según reglamenta el art. 2º del Reglamento de 26 de abril de 1957, y, por tanto, por la Administración autora del “proyecto de obras”, sin que pueda oponerse en este ejercicio, una disociación entre titularidad- y ejercicio- de la potestad expropiatoria de modo que tal que es la Administración estatal, en el caso de este recurso, la que tiene toda la función decisoria en el expediente, incumbiéndola, al respecto, el promoverlo y seguirlo por todos sus trámites, y asumir las consecuencias inherentes a aquella titularidad , sin que en este ejercicio pueda operarse una sustitución de la Adminsitración estatal por la Adminsitración Local, pues por su carácter de un poder atribuído a un sujeto público, cuyo ejercicio genera una relación con el expropiado, es el titular del interés público en el caso de la Administración expropiante y al que sirve la expropiación- y no otro

*distinto el que debe ejercitarla; a lo que tenemos que añadir que la cooperación municipal a la "obra", perfectamente posible y prevista en distintas disposiciones, entre ellas, en materia de urbanización, el art. 128 del Reglamento de 3 de octubre de 1964, y como modalidad de esta cooperación, concretamente, el costeamiento del importe de la adquisición de los terrenos necesarios, podrá, en su caso, exigir que se adopten las fórmulas jurídicas para que se garantice esta aportación, incluso que se arbitre, en el procedimiento expropiatorio sometido a la actuación decisoria de la Administración estatal, una intervención del ente que sume el pago por cuanto sobre él recaerá este efecto patrimonial, mas, en modo alguno es admisible un cambio de titularidad del trámite expropiatorio, esto es, de la Administración expropiante.*

13. Que, en consecuencia, no pudiendo invocarse, como justificativa de la actuación municipal, una "declaración de utilidad pública" y faltando, en todo caso, la declaración de "necesidad de ocupación", puede afirmarse que ha incurrido la Administración Municipal en lo previsto en el art. 125 de la L.Ex.For.(...../.....) que la Administración Municipal, con tan graves y patentes vulneraciones de sustanciales requisitos, no ha actuado conforme a derecho....."

**Segundo.-** Sentado o anterior, no suposto que nos ocupa cómpre examinar se o Concello de Fene é titular da potestade expropiatoria para levar a cabo a expropiación dos terreos sites no seu término municipal para levar a cabo a obra "Actuación de saneamento na zona norte da ría de Ares e na zona sur da ría de Ferrol, Ares, Fene, Mugarbos", pois como sinala a Sentencia a que se fixo referencia no fundamento anterior, o recoñecemento na Lei de expropiación forzosa dunha ampla potestade expropiatoria e atribución da titularidade desta potestade entre outros suxeitos, da Administración, aos municipios, non é bastante para xustificar, en concreto unha actuación expropiatoria, pois será preciso que tal actuación teña a súa causa na utilidade pública do fin ao que deba afectarse o obxecto expropiado(art.9) e que cabalmente se exercite a potestade polo suxeiro que ten encomendado tal fin (art.3.2º do Regulamento de 26 de abril de 1957).

E para elo débese ter en conta a Lei galega 8/2001, de 2 de agosto, de protección da calidade das augas das rías de Galicia e ordenación do servizo público de depuración de augas residuais urbanas en cuxa súa exposición de motivos establece que: "*...Por ello, el título II de la presente Ley ordena el servicio de depuración de aguas residuales urbanas de Galicia, que se declara servicio público de interés general de la Comunidad Autónoma, y cuya gestión se atribuye a la Administración hidráulica de Galicia, de acuerdo con las facultades establecidas en el artículo 4.1.c) de la Ley 8/1993.(..../.....) Se pretende con ello superar aquellas disfunciones, de manera que por economías de escala el coste del servicio pueda abarataarse, y también mediante el establecimiento de un marco normativo que ordene la prestación del servicio en el ámbito autonómico, dotado asimismo del correspondiente régimen sancionador.*

*La asunción del servicio de depuración de aguas residuales por parte de la Xunta de Galicia se apoya también en otros fundamentos normativos. Por una parte, al vigente legislación de régimen local, tanto estatal (artículo 25.2 de la Ley de Bases de Régimen Local) como autonómica (artículo 80.2 de la Ley 5/1997, de Administración local de Galicia) que remite a la normativa sectorial la definición de las competencias al respecto; es por ello que la Ley, si bien declara de interés de Galicia el servicio de depuración, no deja de reconocer a las administraciones locales el ejercicio de determinadas competencias en relación con el mismo. Por otra parte, no pueden olvidarse las obligaciones que tienen asumidas todas las comunidades autónomas derivadas de la normativa básica sobre saneamiento y depuración de aguas residuales urbanas, concretada en el Real Decreto-ley 11/1995 y en el correspondiente Plan nacional de saneamiento y depuración....".*

A Lei devandita lei 8/2001 dispón no seu artigo 6 que:

*“1.Se declara de interés general de la Comunidad Autónoma de Galicia el servicio de depuración de aguas residuales urbanas.*

*2. El ámbito material del servicio comprende la regulación, la planificación, la aprobación definitiva de proyectos, la construcción y la gestión, explotación y mantenimiento de las estaciones depuradoras de aguas residuales, redes de colectores generales y emisarios, submarinos que formen parte de la programación de saneamiento y depuración de la Xunta de Galicia, así como, en su caso, la reutilización de las aguas residuales depuradas.*

*3. Quedan expresamente excluidas aquellas redes de alcantarillado cuyo proyecto, construcción y gestión corresponda a las entidades locales de forma exclusiva.”*

E o artigo 7 regula as competencias das entidades locais, sinalando que:

*“Las entidades locales, sin perjuicio de lo dispuesto en el artículo 6.3, ejercerán en materia de depuración de aguas residuales urbanas las competencias siguientes:*

*1.La promoción, redacción y propuesta a la Xunta de Galicia para su aprobación, previa comprobación de su adecuación a la programación a que se refiere el artículo 6.2, de planes y proyectos de obras e instalaciones.*

*2. La contratación y ejecución de las obras e instalaciones que les correspondan con arreglo a los planes y proyectos aprobados previamente, y aquéllas otras que les encomiende la Xunta de Galicia.*

*3.- La gestión y explotación de las obras e instalaciones, por sí mismas o mediante cualquier fórmula asociativa con otras entidades locales.*

*4.-La participación en la elaboración del Reglamento autonómico regulador del servicio de depuración, en los términos del artículo 10.3”*

Resulta, polo tanto, que a Lei 8/2001, de 2 de agosto, declara de interés xeral da Comunidade Autónoma de Galicia o servizo de depuración de augas residuais urbanas, comprendendo o ámbito material do servizo , entre outros, a construción e a xestión, explotación e mantemento das estacións depuradoras de augas residuais.

Por outra banda débese ter en conta que o artigo 88 do Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local establece que terán a consideración de obras locais as de nova planta, reforma, reparación ou entretemento que executen as Entidades locais, tanto cós seus fondos propios como có auxilio doutras Entidades públicas ou particulares, para a realización de servizos da súa competencia.

Á vista do anteriormente exposto, entende a que subscribe que no suposto examinado non nos atopamos ante un proxecto de obras municipal, senón que se trata dunha obra cuxo anteprojecto foi aprobado polo presidente da empresa pública de obras e servizos hidráulicos da Consellería de Medio Ambiente e desenvolvemento sostible, resultando ademáis que no D.O.G. de data 7 de decembro de 2007 publícase anuncio de dita empresa pública relativo á resolución do 30 de novembro de 2007 , de licitación do contrato administrativo de concesión de obra pública para a redacción do proxecto, construción e explotación das actuacións de saneamento na zona norte da ría de Ares e na zona sur da ría de Ferrol, Ares, Fene e Mugar dos, sendo a entidade adjudicataria a devandita empresa pública, polo que trátase dunha obra da Comunidade autónoma xa que o fin a que debe afectarse o obxecto

expropiado é un servizo público declarado pola Lei 8/2001 como de interese xeral da Comunidade autónoma. Polo tanto a titularidade da potestade expropiatoria corresponde neste caso á Comunidade Autónoma a través do órgano que teña atribuída a competencia e non ao Concello de Fene.

Polo exposto ,a xuízo desta Secretaría, o Concello de Fene non é titular da potestade expropiatoria para proceder á adquisición dos terreos sitos no seu término municipal necesarios para a execución da obra citada, polo que, ao non ter dita potestade, infórmase que a proposta da Alcaldía de data 18 de febreiro de 2008 relativa á delegación da mesma no Concello de Ares non é conforme a dereito.

### **CONCLUSIÓN:**

En atención ao exposto, infórmase desfavorablemente a proposta da Alcaldía de data 18 de febreiro de 2008 polo que, a xuízo da que subscribe, non procede a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións(.../....)

Rematadas as intervencións e sometido o asunto pola Presidencia a votación ordinaria, a Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica con sete(7) votos a favor( dos/as Sres/as Polo Gundín, Manuel López Rodríguez, Silvar Canosa, García Balado, Roca Requeijo, Pico Sanmartín e Sánchez Martínez) e dúas abstencións(da Sra. Bértoa Puente e do Sr. Franco Casal) acorda dictaminar favorablemente a proposta da Alcaldía de data 18 de febreiro de 2008 que devén en dictáme nos termos anteriormente transcritos.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Alcalde-Presidente intervén e manifesta que o asunto pasou por comisión informativa e foi ditaminado favorablemente; que xa se aprobou nun pleno no mes de decembro o convenio entre os Concellos de Ares, Fene e Mugardos para levar a cabo a estación depuradora de augas residuais, o proxecto de rexeneración e de saneamento integral da ría de Ferrol; di que hai unha parte que fai a Xunta de Galicia, que é a depuradora, e que compete aos Concellos a construción do emisario, do colector de augas residuais que recollerá os vertidos no caso de Fene que se producen á ría de Ferrol e os que se producen á ría de Ares; que ese colector é financiado polos tres Concellos, cincocentos mil euros os financia o Concello de Fene, douscentos cincuenta mil Ares e douscentos cincuenta mil Mugardos; que ademais do convenio asinado na sesión do mes de decembro, é preciso, tal e como se lles fixo saber desde a Xunta de Galicia, un acordo expreso do Pleno da delegación da facultade expropiatoria no Concello de Ares para que sexa ese Concello quen expropie os terreos en Mugardos, Fene e Ares e se poida facer esa obra en conxunto; di que tamén cómpre subliñar ,porque é certo que o viron cando estudaron este asunto no seo do goberno, para evitar calquera tipo de problema no futuro derivado de que sexa Ares quen expropia os terreos, que Ares simplemente os expropia pero non será o propietario dos mesmos, senón que o propietario será o Concello de Fene, di que que no momento en que se faga a expropiación ,e así está falado có Concello de Ares, asinárase entre o Alcalde de Ares e o Alcalde de Fene unha addenda ao convenio asinado no mes de decembro onde se fará constar expresamente que Ares expropia por delegación do Concello de Fene, é dicir, que aínda que expropie o Concello de Ares, os terreos seguirán sendo propiedade do Concello de Fene para asegurarse que se poida executar sen ningún problema o que está contemplado no Plan Xeral de Urbanismo .



A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que evidentemente eles votaron a favor dese convenio que se aprobou por unanimidade, pero que naquel pleno se facían xa unhas advertencias tanto no informe de Secretaría como no de Intervención e que baixo o seu punto de vista estase a dar un paso de máis sen ter dado un paso previo, xa que nesos dous informes, tanto de Secretaría como de Intervención, se falaba de que existise un acordo de vontades previas entre a Xunta de Galicia e o Concello de Fene e para eles estase saltando ese paso xa que a Consellería non delegou as funcións, polo que delegar o Alcalde de Fene unhas funcións que non lle delegaron aínda, cre que supón dar un paso de máis, porque polo propio informe que obra agora no expediente, a Secretaría xa non entra no tema das delegacións entre as distintas Alcaldías porque xa non considera factible que a Xunta de Galicia faga esa delegación; que no convenio aprobado en decembro xa se falaba diso pero pensaban que como paso previo habería a delegación da Xunta de Galicia ao Alcalde de Fene, ao de Mugardos e ao de Ares, e logo, en aras da brevidade e de dar unha maior axilidade ao proxecto, se centralizaría todo; que non poden asumir delegar facultades do Concello de Fene ao Concello de Ares sen ter a previa delegación da Xunta de Galicia, porque, a parte de faltar esa delegación, cre que podería incluso xerar problemas nun futuro xa que é sabido que os procesos expropiatorios non todos son levados ben cós propietarios, e se alguén chega ao contencioso, lle van dar a posibilidade de que ataque xa precisamente todo o procedemento pola falta de delegación da potestade expropiatoria, o que parécelle correr demasiado; di que primeiramente deberíase ver xurídicamente entre a Consellería que vai levar a cabo o proxecto e os Concellos se é válida esta expropiación porque están a ver que o informe de Secretaría di que nin sequera o considera porque se trata dunha obra supramunicipal e de competencia propia da Xunta de Galicia e entende que non é posible a delegación desas facultades. Remata a súa intervención o Sr. Galego Feal dicindo que polo tanto neste punto vanse abster porque para el está a fallar a base.

De seguido intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que pode chegar a coincidir co voceiro do partido popular no procedemento, pero que o caso é que están diante dunha obra que financia a Consellería de Medio Ambiente que lles pide como requisito aos Concellos a posta a disposición dos terreos para facela e que o que estase a seguir é o que está indicando a Xunta de Galicia para proceder á execución da obra; di que o que entende a Xunta é que os Concellos delegen en Ares esa competencia expropiatoria e, unha vez que estea delegada, a Xunta lle delega a Ares a competencia expropiatoria; que podería ser ao revés, podería ser que primeiro delegase aos tres e logo os tres delegasen en Ares, que probablemente ao mellor sería máis racional un camiño que outro, pero que, en todo caso, o que estase a seguir é o que a Xunta está a indicar para poder levar a cabo esta infraestrutura; di que se aprobou noutros Concellos en actuacións similares en Galicia, noutras zonas, sen maior problema e tal como a Administración autonómica indica.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que non quere desde aquí entorpecer un proxecto deste tipo, pero que lle xera dúbidas de cara máis a un futuro e de cara a que alguén no seu momento interpoña un recurso contencioso contra iso, polo que vanse abster e que cren que o criterio é ao revés, seguir o outro camiño e despois de que cheguase a delegación da Xunta, ver se efectivamente se existe a posibilidade de que poida haber delegación entre as distintas Alcaldías, porque queiran ou non, xurídicamente, rincha un pouco que o Alcalde de Ares veña a levantar actas a Fene e a Mugardos.

Acto seguido intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que a dúbida ou preocupación fundamental que lle xeraba que Ares expropiase terreos en Fene e en Mugardos era a relativa á propiedade dos terreos; que o problema de fondo que vían desde o goberno era que eses terreos expropiados por Ares fosen propiedade de Ares, porque non parece moi lóxico que o

Concello de Ares teña en propiedade uns terreos en Fene polos que pasa un colector, e que iso en principio salvaráse coa addenda ao convenio á que fixo referencia e os terreos serán propiedade de Fene aínda que o proceso se faga por Ares porque ten a delegación de Fene.

Rematadas as intervencións, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 21 de febreiro de 2008 obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: trece (13) dos/as Sres/as Concelleiros/as Puentes Rivera, Noceda Carballo, José Antonio López Rodríguez, Silvar Canosa, Manuel López Rodríguez, García Balado, Rodríguez Carballeira, Couto Seijido, Polo gundín, Vigo López, Roca Requeijo, Pico Sanmartín e Sánchez Martínez.

Votos en contra: Ningún.

Abstencións: catro (4) dos/as Sres/as Concelleiros/as Galego Feal, Bértoa Puente, Franco Casal e Fornos Corral.

Á vista do resultado da votación declarase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 21 de Febreiro de 2008, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

#### **5º.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DÍA 8 DE MARZO.**

A continuación dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Dinamización social, benestar e igualdade de data 28 de febreiro de 2008, que transcrito di:

#### **“ASUNTOS DE URXENCIA**

(.../...)

Seguidamente dáse conta da proposta de declaración institucional que, transcrita di:

#### **“PROPOSTA DE DECLARACIÓN INSTITUCIONAL**

#### **8 DE MARZO: AVANZANDO NOS DEREITOS DAS MULLERES**

O 8 de marzo, celébrase o Día Internacional das Mulleres, e con esta conmemoración cada ano o conxunto da sociedade lembra os avances que as mulleres conseguiron grazas á súa organización e loita ao longo da historia. Asimesmo retómase o compromiso para continuar neste avance e non retroceder nas conquistas acadadas para a construción dunha sociedade baseada na igualdade real.

Hoxe máis que nunca, o Concello de Fene quere declarar que segue a ser necesario o compromiso das forzas políticas para non permitir a involución nos dereitos das mulleres e, para reclamar a conquista dos dereitos que aínda están pendentes.

As mulleres e homes de Fene, non debemos consentir que se impoñan teses políticas que freen a construción dunha sociedade igualitaria de tal modo que as mulleres non teñan garantidos os seus dereitos de cidadanía en pé de igualdade cos homes.

As tentativas reaccionarias de recortar o avance dos dereitos das mulleres, e a cesión e incumprimento dos compromisos en medidas reclamadas pola sociedade, fan xa que logo, máis necesario o compromiso das forzas políticas que aspiramos a construír unha sociedade libre en que todas as mulleres poidan decidir, sen tutelas de ninguén.

Por todo isto o Concello de Fene comprométese coa defensa dos dereitos de cidadanía das mulleres a través da súa acción política, polo cal declara que:

- Para garantir o **dereito das mulleres ao libre exercicio dos seus dereitos sexuais e reprodutivos**. O Concello de Fene reclama máis educación sexual, acceso aos métodos de contracepción por parte das mulleres e a despenalización do aborto a través dunha lei de prazos e coa atención sanitaria dentro da rede pública durante todo o proceso.
- Para garantir o **dereito das mulleres a vivir sen violencia**. O Concello de Fene reclama a extensión á lexislación estatal en materia de violencia de xénero das modificacións lexislativas que permitan ás mulleres acceder aos recursos de atención, de seguridade e económicos con maior facilidade, desligando este acceso da vía penal e proporcionando facilidades tales como a ampliación dos documentos acreditativos da súa situación e eliminando a necesidade de ter realizado denuncia para acceder a estes recursos.
- Para garantir un **uso máis democrático dos tempos**. O Concello de Fene reclama ás institucións do Estado medidas de fomento da corresponsabilidade que, a través de reformas normativas, garantan un uso dos tempos igualitario promovendo a responsabilización en primeiro termo das diferentes administracións.
- Para garantir o dereito das crianzas a recibir **unha educación en igualdade**. O Concello de Fene, na súa concepción dun ensino público laico e adaptado á realidade galega, demandará o exercicio efectivo da co-educación.

En definitiva, garantir o respecto dos dereitos de cidadanía das mulleres en plena igualdade cos homes e para avanzar no camiño de construción dunha sociedade e con isto máis xusta e democrática.”

Aberto o turno de intervencións(..../....)

Rematadas as intervencións, e sometido o asunto á votación ordinaria, a Comisión Informativa de Dinamización social, benestar e igualdade con sete(7) votos a favor( dos/as Sres/as Couto Seijido, Silvar Canosa, García Balado, Manuel López Rodríguez, Polo Gundín, Vigo López e Sánchez Martínez) e dúas (2) abstencións ( do Sr. Franco Casal e da Sra. Fornos Corral) *acorda dictaminar favorablemente a proposta de declaración institucional anteriormente transcrita.*”

Aberto o debate, pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que van votar a favor desta declaración institucional, pero que se ben comparten a maior parte do argumentario que se recolle na mesma, quen deixan ben claro que a postura do Partido Popular respecto do aborto é estar en contra da despenalización do mesmo e o mantemento estrito da legalidade vixente.

Rematadas as intervencións, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Dinamización social, benestar e igualdade de data 28 de febreiro de 2008, sendo aprobado por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión.

*Á vista do resultado da votación, declárase aprobado o ditame da Comisión Informativa de Dinamización social, benestar e igualdade de data 28 de febreiro de 2008 que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.*

## **6º.- DACCIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.-**

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre os números 61 do 1 de Febreiro de 2008 e a número 140 de data 29 de Febreiro de 2008.

### **7º.- MOCIÓNS URXENTES.-**

Non se presenta ningunha.

### **8º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

A continuación, pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que teñen bastantes preguntas que facer, e que van empezar pola primeira que é a que lles xera máis inquedanza, relativa a un escrito que lles chegou ás súas máns presentado pola Policía no Concello de Fene; di que eles forman parte das comisións informativas, da mesa negociadora, na que moitas veces as sensibilidades que poidan ter os distintos colectivos non chegan, ao mellor, dunha forma tan directa como chegan a través dun escrito que se presenta agora ante o Concello; que cren que estas reclamacións nunca deben chegar a un Pleno para nada e que ven con moita preocupación o que se expón no mesmo; que ven que hai un conflito latente importante; que non eran coñecedores, cando menos oficialmente, de que existiran esta serie de problemas coa Policía Local; que cren que varias das cousas foron obxecto de tratamento nalgunha das comisións e, de feito, falouse pero tamén parécelle un pouco grave que se onte ían ter membros do goberno unha reunión con eles se lles dea plantón; que á vista de todos estes problemas que se plantexan no escrito queren preguntar varias cousas, en primeiro lugar, se isto vai ter unha solución inmediata porque están temendo e vendo que, ao mellor, o Concello de Fene se quede cun Policía Local como lle pasou a Ferrol; que, a parte, ven que estáse a avanzar sobre algo que non ten firme debaixo, porque están a falar, xa indo un paso máis arriba, de mancomunar policía locais con Neda cando non teñen os deberes feitos na casa, o cal parécelle bastante arriscado.; que tamén está o tema de coordinación de policía locais, que é un tema moi levado e traído nas comisións pero non se acaba de definir nada e cre que é un tema bastante claro porque precisamente é unha Lei que fixeron os grupos de goberno que teñen hoxe no goberno de Fene, e que se ben sabe que hai un prazo de tres anos, tamén sabe que hai Concellos como Coruña, Pontedeume, Narón ou Ares que teñen o tema solucionado e aquí en Fene hai que ter a capacidade suficiente para telo solucionado tamén, independentemente doutras cousas que teñan que ir á mesa de negociación que é outra cousa diferente; que tamén ve que desde o sindicato que apoia ao grupo do PSOE tampouco teñen as cousas moi claras porque se por un lado en Ferrol están pedindo que a aplicación desa lei sexa inmediata e que non entre en negociación coa mesa negociadora, por outro lado ven que noutros Concellos non o teñen nada claro e din que iso vai á mesa negociadora có resto dos traballadores; que eles, desde o Partido Popular, o teñen moi claro; que efectivamente ese prazo de tres anos está aí, pero é un prazo tope, o que non quere dicir que a solución non se poida afrontar xa desde este momento polo que se iso é así pide que se lles explique agora o que é o tema da lei de coordinación e se o pase ao grupo C-1 se vai facer dunha vez por todas; que por outra banda quere dicir que todos estes problemas particulares teñen que ter a súa solución individual tamén; que el os plantexa aquí de forma colectiva, como está no escrito e non vai puntualizar sobre cada un deles porque evidentemente son materias moi diferentes e non se van enredar agora nun pleno no que é a solución que debe ter cada un dos puntos, pero o que si din desde a oposición é que cren que se teñen que ir poñendo as pilas e dar a solución inmediata porque xa van para un ano de corporación.

Continúa o Sr. Galego Feal a súa intervención e manifesta que estáse no mes de marzo e están sen orzamentos; que xa se lles dixo nun pleno que non se aprobaban os orzamentos porque precisamente estíbese pendente da negociación colectiva cós traballadores, e

nalgunha comisión que estaban pendentes do tema da oferta de emprego público e que non se podían pechar os orzamentos ata que se resolvera; que cre que xa pasou tempo suficiente e ao fin e ao cabo cre que todos saben que os orzamentos son unha previsión de ingresos e gastos, polo que non teñen inconveniente ningún en que esa previsión se faga á alza á expectativa de cómo quede a negociación, ou á baixa, porque despois pódense facer modificacións de crédito; que non cre que ao mellor sexa moi difícil tomar como base os orzamentos do ano pasado e prever un incremento que logo se cumprirá ou non, que non pasa nada, e despois xa se verá cómo queda cando veña a conta xeral.

Seguidamente intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que antes de darlle a palabra ao Concelleiro de persoal, hai algúns puntos que se tocaron con respecto á situación da policía local que afectan á Alcaldía directamente, posto que na xuntanza desta mañá estaría presente él como Alcalde tamén, e non cre que plantón sexa o xeito máis obxectivo de definir o que pasou porque un plantón é cando alguén está convocado e non acude e quedan plantados os que estaban alí citados, e él como Alcalde da fe de que que no día de onte se puxo en contacto co xefe da policía municipal para comunicarlle a imposibilidade do concelleiro de persoal e súa de asistir a esa reunión que estaba prevista e que ,por tanto se avisase ao colectivo; que a verdade é que o goberno municipal non coñece ese escrito, que supón estará presentado por rexistro , pero ao rexistro municipal o goberno accede ao día seguinte ; que en todo caso agradece que a través da oposición teñan coñecemento del e que de todos modos, insiste en que se desconvocou a reunión por ocupacións que tiñan o concelleiro de persoal e él, e que esa reunión se realizará porque a vontade do goberno foi sempre o diálogo e a colaboración con tódolos sectores do Concello, e a Policía Local por suposto entre eles. Di que de todos modos si que quere dicir unha cousa ao voceiro do Partido Popular, porque ademáis no último pleno debateron sobre a mancomunidade de servizos e sobre a prestación de servizos compartidos con outras policía; que como dixo no último pleno, o único que hai é unha intención do goberno para cumprir un compromiso electoral votado polos veciños de Fene, que é a creación do servizo nocturno da policía local, que se vai crear porque os veciños o decidiron co seu voto e o goberno municipal o quere facer, aínda que logo lóxicamente haberá que dialogar, negociar e ver en qué condicións se presta ese servizo, pero que no programa do Partido Popular, programa de Rajoy que votarán os veciños o domingo nas urnas, no punto 400 di que o Partido Popular facilitará para as Policía Locais figuras como a mobilidade temporal, a mancomunidade en pequenos municipios e os acordos entre Concellos para actuacións fóra do seu municipio, polo que, na filosofía alégrase de que polo menos estean de acordo, porque supón que ese programa electoral o asumen; que en todo caso remítese ao dito no último pleno sobre condicións laborais, grupo C, negociación e posibles solucións ás demandas plantexadas pola Policía Local e concretamente ese escrito que mañá coñecerán cando vexan o rexistro do Concello.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Noceda Carballo quen, unha vez concedido, manifesta que lle pediría ao voceiro do grupo popular que nalgunhas cousas sequera contraste a información porque aínda que case toda a que ten é correcta, algunha hai con matizacións, e tamén poderían ter a ocasión de antes de lanzar acusacións que neste caso non son certas, se podería ter consultado previamente. Di que en canto ao escrito, como dicía o Sr. Alcalde, cando teñan o escrito e o poidan estudar poderán darlle unha contestación, pero que o descoñece porque se presentou hoxe pola mañá polo que non coñece mais problemáticas da policía local que aquelas que foron manifestadas nas xuntanzas que se mantiveron especificamente con eles e as que se plantexan na comisión de negociación cós representantes do conxunto dos traballadores, e que nesas, marchen como marchen , de momento séguese a falar, co cal de momento hai horizonte para poder chegar a solucións. Di que, no referente á reunión de hoxe pola mañá, no seu caso concreto, no día de onte lle comunicaron no seu centro de traballo ,que como como ben sabe a maioría é o Concello de Malpica, por parte da Alcaldía a visita do Ministro de Cultura ao Concello no día

de hoxe; que entre as súas funcións, como responsable do departamento de educación e cultura, están asignadas as de coordinación de tódalas actividades de protocolo e, polo tanto, correspondíalle ao seu departamento a organización da visita do Ministro; que é evidente que se iso se lle comunica a última hora da mañá, requiriu da súa presenza en Malpica durante parte da tarde, da noite e evidentemente requiría a súa presenza durante toda a mañá de hoxe, e tendo en conta que iso ía ser así o comunicou ao Sr. Alcalde no día de onte para que miraran cómo se podía articular unha solución, recibindo o Alcalde a notificación pouco despois de que comunicara á Policía Local a imposibilidade da asistencia, non a anulación da reunión, non a negativa de falar cun colectivo dos traballadores porque pola súa parte, sexa a policía ou outro colectivo de traballadores nunca se negaron a manter ningunha reunión particular ou concreta con eles, senón porque se deron unhas circunstancias de traballo que facían que fora imposible a xuntanza, e que, como ben sabe o voceiro o PP, él é un traballador da Administración Pública e cando menos él si que ten claro que dentro das súas funcións ten que obedecer as ordes que recibe dos seus inmediatos superiores, e neste caso, dado que o seu horario laboral no Concello de Malpica tamén é un tanto especial, ten unha xornada laboral reducida de nove da mañá a dúas da tarde coa condición de que o resto da xornada laboral está a dispoñibilidade da empresa, é inevitable que cando o chaman para unha actividade fóra do horario que require a súa presenza e está dentro das súas funcións está obrigado a cumprir polo que era absolutamente imposible asistir á xuntanza de hoxe; que de todas formas espera, dado o detallada da explicación, que esta vez cando menos poda ser suficiente. Continúa o Sr. Noceda Carballo a súa intervención e manifesta que con respecto ao tema do grupo C, aclarar tamén, porque hai veces que non sabe se as cousas hai que dicilas máis altas, porque máis claras non pode dicilas, que o paso ao grupo C por parte da Policía Local nunca foi negado por parte da Corporación nin por parte do concelleiro de persoal; que tamén é de resaltar que ese paso ao grupo C, a propia lexislación marca que non necesariamente terá que ser con efectos retributivos, e a pesar diso tamén desde o goberno e da concellería de persoal nunca se negou que iso se fora facer así; que no punto no que agora se está é no de negociar cómo se pasa a ese grupo C, cómo se fai, cómo se dota economicamente e en qué prazo se fai; que nese proceso de negociación estase e non sabe cómo vai acabar o mesmo pero que neste tema hai unha absoluta vontade por parte do grupo de goberno de dar pasos decididos nese sentido; que nese camiño están e que ademais son tamén negociacións económicas, de custes; que tampouco quería chegar aí pero poden chegar e facer unha comparativa de cómo está a situación retributiva da Policía en toda a comarca, desde o Concello de Ferrol ata o das Pontes, ver exactamente como están cada un deles e ver o que hoxe está como oferta do goberno enriba da mesa, e cuantificar iso para ver o que da; que igual tamén sorpréndense có resultado pero dado que hai unha preocupación que parece que é importante por parte do Partido Popular nese tema, non hai problema, hoxe teñen os datos e lles facilitarán tamén o mesmo estudio comparativo que teñen eles realizado, probablemente para saber tamén de qué están a falar e onde están os problemas do que é o paso ao grupo C; que está pendente única e exclusivamente de que cheguen a un acordo económico, de ningunha outra cousa, pero para iso, para valorar en qué termos están, ónde se sitúa o horizonte do que se pide por parte do colectivo, sindicatos e do que se oferta, sería bo que se comparara con tódolos Concellos da comarca e a partir de aí poderían seguro atopar un horizonte razoable onde poñerse de acordo. Di que o resto das problemáticas se escapan dos temas que están falados nas comisións e que de tódolos xeitos queda con gusto comprometido a que no vindeiro pleno se dea resposta cumprida ás demandas que presentaron e da posición que mantén o goberno .

(Auséntase da sesión o Concelleiro Sr. Don Manuel Ángel Rodríguez Carballeira)

Remata o Sr. Noceda Carballo a súa intervención dicindo que, en canto ao tema dos orzamentos, á marxe do que poida completar o concelleiro de facenda, o goberno marcóuse

como primeiro obxectivo pechar un acordo cós sindicatos, sobre todo nos aspectos retributivos, os que afectan orzamentariamente de xeito significativo ,antes de aprobar o orzamento, pero que tamén a negociación ten espazo para celebrarse dentro do mes de marzo porque os orzamentos non poden ir máis alá do vindeiro pleno sen presentarse, e ese é un límite que marcaron; que hai tempo para seguir falando , se pode ser con acordo e que, a ser posible, presentarán un orzamento cun acordo previo de retribucións para os traballadores, e se ten que ser ,doutro xeito; que en todo caso o goberno ten que presentar uns orzamentos que non se poden aprazar máis tempo; que niso si que están totalmente de acordo co principal grupo da oposición.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que non se lle contestou ao que preguntou; que non falou da cuestión retributiva para nada, nin da cuantificación .

O Sr. Alcalde intervén e di que preguntou sobre o pase ao grupo C

O Sr. Galego Feal di que iso si pero non falou das cuestións retributivas para nada.

Continúa a súa intervención o Sr. Galego Feal e manifesta que , respecto da referencia feita polo Sr.Sr. Alcalde ao programa do Partido Popular, se o programa do Partido Popular leva precisamente o tema de mancomunar policía e facilitar que se mancomunen é porque non se pode, por iso está nun programa electoral de cara ás vindeiras eleccións. Di que que quere matizar varias cousas; que se evidentemente o grupo de goberno non ten coñecemento disto porque non foron ao rexistro de hoxe, que quede pendente a contestación para o vindeiro pleno, porque quere que se conteste aquí , pero que non se derive a cousa a cuestións persoais e a cuestións retributivas que eles non plantexaron por ningún sitio; que as cuestións persoais do Concelleiro as respecta pero para iso o goberno terá que ter a previsión de que na súa ausencia ou na ausencia de alguén, o funcionamento do Concello e o trato cós traballadores continúe xa que non pode estar dependendo de que un Concelleiro poida ou non vir; que sabe que todos teñen que adaptar a axenda pero nese caso ,se o Concelleiro de persoal non podía estar poderíase ter reunido o Alcalde sólo sen maior problema; que, a parte disto, o tema do turno de noite da policía local tamén o levaba o seu grupo no programa electoral, pero tamén dixeron como crían eles que se debería cumprir ese compromiso, primeiro falando coa policía local, segundo vendo as prazas que facían falla, e terceiro dotando economicamente e convocando as prazas.

Intervén o Sr. Alcalde- Presidente e di que no tema da mancomunidade, e remitíndose á acta do último pleno, cre que deixou claro que non estaba a referirse a mancomunar a policía local de Fene coa policía local de Neda, nin moito menos, senón á prestación conxunta duns determinados servizos, e que segue a insistir en que cre que legalmente é posible; que desde ese pleno ata hoxe tiveron acceso a diversas informacións legais que lles reiteran que é posible e que , como dixo naquel pleno, é unha vontade do grupo de goberno de facelo ; que lóxicamente haberá que falar coa policía e con tódolos sectores implicados para levalo a cabo porque non é vontade do goberno practicar políticas de orde e mando, nin moito menos, pero si que é vontade do goberno dirixir o goberno municipal, porque para iso están os políticos, dacordo có mandato duns veciños; que con respecto á xuntanza non hai ningún problema, que o Concelleiro de persoal o dixo perfectamente na súa exposición, e que él como Alcalde non ten ningún problema en falar coa policía tódalas veces que faga falla; que simplemente valorou a oportunidade de que o Concelleiro de persoal non podía estar, que é a persoa que está día a día con este tema, que está negociando, e que está falando día a día na comisión de organización deste asunto e pareceulle máis oportuno aprazar a xuntanza a outro día no que poidera estar o concelleiro de persoal, dado que a negociación aínda está

en marcha; que non cre que sexa dunha gravidade tan extrema o asunto, e garante que o escrito non o coñecen posto que non lle foi remitido ao grupo de goberno.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que a seguinte pregunta é si se vai pasar á policía local ao grupo C xa, si ou non.

O Sr. Noceda Carballo pide o uso da palabra para responder ao Sr. Galego Feal e manifesta que na súa intervención xa dixo que respecto ao escrito se lle contestaría no vindeiro pleno, e polo que respecta ao tema do paso ao grupo C1 , que por parte do goberno non hai ningún problema en pasar á policía a dito grupo pero que isto ten implicación retributiva, e que, evidentemente, se non hai un acordo sobre as implicacións retributivas non sabe que é o que se lles vai pasar, pero que si comparte a preocupación do voceiro do PP de que isto se faga xa porque non é conveniente deixar na senda temas eternamente abertos e que é un obxectivo da Concellería de persoal deixar pechado ese tema na negociación colectiva que están a manter.

( Auséntase da sesión o Concelleiro Sr. Don Antón Lois Noceda Carballo)

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que hai un asunto que leva bastante tempo, do que todos son coñecedores, que é o referente á reposición do muro das Chancas que foi hai tempo á comisión, e cre que segue faltando o estudio xeotécnico ; que a demora é excesiva e que tense que afrontar pois teme que se as cousas seguen así, vanse poñer no vindeiro inverno e os derrubes que pode haber alí van ser aínda maiores. Di que por outro lado quere saber cómo vai o tema do proxecto de levar a auga a Río Castro e se efectivamente acabáronse de facer as prazas de aparcamento na piscina ,si se remataron xa as obras ou vai haber mais; di que lles preocupa o tema da dixitalización, xa que non saben se Radio Fene có da dixitalización vai ter algunha consecuencia que pode ser económica e queren preguntar se no Concello se ten feito algo porque hai unha resolución da Dirección Xeral de Comunicación que convoca unha serie de axudas para os Concellos có obxecto de facilitar o despregamento das infraestructuras da televisión dixital terrestre no ámbito dos concellos que van prestar o servizo; pregunta si se fixo algo respecto a este tema e si se ten solicitada algunha subvención precisamente para eses estudos. Remata a súa intervención o Sr. Galego Feal e pregunta ,en relación á da Lei de Dependencia ,si se levou a cabo algún tipo de avaliación dos dependentes do Concello e si se vai crear unha oficina municipal da lei de dependencia para ofrecer información e asesoramento, que era unha oferta electoral do PSOE.

De seguido o Sr. Alcalde-Presidente manifesta que sobre a dixitalización da radio, a día de hoxe non teñen ningunha noticia de que por parte de emisoras municipais como Radio Fene lle vai afectar; que é posible e entende que é lóxico e razoable que unha vez que teñan dixitalizadas tódalas emisoras municipais de radio a emisión de Radio Fene teña que ser dixital e non analóxica, pero que en todo caso non teñen comunicación de ningún tipo, nen por parte da Xunta de Galicia nen por parte da propia dirección da radio e que en todo caso poden afondar na cuestión e no vindeiro pleno responder exactamente as previsións que haxa sobre a emisora municipal neste sentido. Di que,sobre a canle comarcal de televisión dixital terrestre, o Concello de Fene o único que ten neste sentido é que no anterior mandato municipal tróuxose a este pleno unha proposta de acordo cando a Xunta de Galicia, cre lembrar, gobernada polo Partido Popular, concedeu as licenzas de televisión dixital terrestre, e que daquela había unha posibilidade de reservar unha desas canles para a televisión dixital terrestre de ámbito comarcal, mancomunada, xestionada polos Concellos; que o Concello de Fene ratificou ese acordo cós demais Concellos da comarca de Ferrolterra e que é o único que hai por agora; que esa canle está aprobada en diferentes plenos municipais pero ten unha dificultade lóxica e evidente para saír adiante, que é o custo económico e a xestión e



mantemento desa emisión; que ningún Concello avanzou nada desde aquela nese sentido e o Concello de Fene tampouco . Continúa o Sr. Alcalde a súa intervención dicindo que con respecto ás axudas ás que fixo referencia o Sr. Galego Feal, o Concello de Fene non as solicitou posto que nen pode xestionar en solitario esa canle de televisión, nen pode poñela en marcha e que en todo caso cre que na Mancomunidade se falará deste tema na vindeira xuntanza.

O Sr. Galego Feal pide o uso da palabra e, unha vez concedido, di que a pregunta foi si se fixera algo porque isto é para os Concellos, non é comarcal, isto é para estudos que van facer os Concellos da implantación da TDT nos propios Concellos.

O Sr. Alcalde-Presidente intervén e manifesta que non hai nada nese sentido, e que Fene non é dos sitios que teña grandes dificultades de cobertura de TDT en principio; que non sabe se algún grupo ten detectado algo nalgunha zona , suposto en que si que se abordaría, pero non é das cuestións que a eles lles teña chegado de momento. Continúa o Sr. Alcalde e di que con respecto á oficina municipal da Lei de Dependencia é un punto que figura no programa electoral do Partido Socialista e que no acordo de goberno entre as dúas forzas políticas que están a gobernar no Concello de Fene nestes momentos ,este punto en concreto non se recolle como tal, como a creación exactamente dunha oficina porque é certo que o matizaron e consensuaron coa asistencia dos propios técnicos dos servizos sociais do Concello xunto có centro social da Terceira Idade do Castro en Perlio para tramitar todo este tipo de axudas e asesoramento; di que o nome non o ten pero o servizo realmente estase a prestar, co cal consideran que o feito en si estase a levar a cabo.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Couto Seijido quen, unha vez concedido, manifesta que o plan de dependencia ten uns prazos; que o procedemento en si dos usuarios é que unha persoa que pida a prestación da Lei de Dependencia iría ao centro social e alí hai unha traballadora que ven de Vicepresidencia lles daría información, información que terían tamén os servizos sociais do Concello; que esa información pasaría a Ferrol, onde hai un centro específico de avaliación da dependencia e de aí mandarían unha carta aos usuarios pedindo tamén un informe social, e desde ahí tamén traballarían as traballadoras sociais do Concello e quea partir de ahí sacan o que é o PIA.

O Sr. Galego Feal pide o uso da palabra e, unha vez concedido, pregunta se hai xa moitos dependentes clasificados nos distintos grupos.

A Sra. Couto Seijido di que por número non o pode dicir exactamente pero si que veu xente có PIA; que Vicepresidencia duplicou as subvencións que recibense polo plan concertado e xa se notou no servizo de axuda a domicilio ,que aumentou moito máis ca outros anos.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. José Antonio López Rodríguez quen, unha vez concedido, manifesta que ,con respecto ao muro das Chancas incluído no PCP de 2007 e que segundo os técnicos municipais non se podía facer porque faltaba un estudio xeotécnico, ese estudio encargouse a unha enxeñería, que está feito e informado polos técnicos municipais e por Secretaría e pendente de aprobación xunto cos demais modificados dos POS de 2006 e 2007 que se levarán á Xunta de Goberno Local do vindeiro xoves . Di que, con respecto á auga a Río Castro ,veu o proxecto que fixo Aquagest; que había un ramal principal e o único que se fai é un modificado dese proxecto para que se faga un ramal máis para que poida chegar a auga a tódalas casas.

De seguido pide o uso da palabra a Sra. Silvar Canosa quen, unha vez concedido, manifesta que , respecto ás prazas de aparcamento da piscina ,se dixo desde a súa concellería que se ía executar en dúas fases, unha primeira que está feita ,que eran catro prazas que non

necesitaban obra, e que quedan pendentes seis prazas máis que se van crear máis as oito do persoal da piscina, que simplemente sería pintalas e que se fará agora nunha segunda fase.

Seguidamente intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que quedou pendente unha pregunta que fixo o Sr. Sánchez Martínez no pleno do mes pasado referida ao servizo de noitebús durante decembro, e que antes de que interveña para facer as súas preguntas lle responderá á mesma a Sra. Silvar Canosa.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Silvar Canosa quen, unha vez concedido, manifesta que o programa de noitebus de 2007 non se solicitou e non sabe por qué motivo non se fixo porque esta Corporación non estaba no Concello ; di que sae publicado no DOG do 29 de febreiro para este ano; que hai un prazo dun mes para solicitalo e o van a ver.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que quere felicitar ao grupo de goberno pola limpeza das praias. Continua dicindo que anteriormente enzarzaronse en discusións, e quere sinalar que o feito de que se suspendan reunións aquí é normal e non pode ser , o que ven repetindo desde que está aquí; que xa non é a primeira vez, faise con comisións, con reunións de voceiros, e foi así de sempre, e que as desculpas que deron non serven xa que están nun grupo de goberno onde hai doce persoas, nunha comisión de persoal teñen cinco ou seis persoas, e non pode admitir que todos non poidan estar ;di que era obriga do grupo de goberno escoitar aos traballadores nesas reivindicacións que fan; que lle estraña que non teñan o escrito, que él o ten desde medio día e case non tivo tempo a miralo; que son catro puntos básicos e se podía ter ido á reunión porque cando hai problemas hai que collelos antes de que se convertan en pouco menos que irresolubles; di que preguntan sobre a prestación de servizos fóra do horario de traballo, se é obrigatorio ou non, determinados traballos se os teñen que facer ou non, fan referencia á falta de persoal ,de material de traballo e de seguridade que necesitan; que aínda que non se lles resolveran se podería ter ido alí e escoitalos e dar a cara e que o que non se pode é ter a dez ou doce persoas que veñan aquí e dicirlles que se vaian para casa que non hai reunión ; que iso é unha falta de respecto total e absoluta, e o di para os doce, porque cando estase a gobernar é responsabilidade de todos, e cando unha persoa non está terá que ter un substituto e se non se sabe delegar haberá que tirarlle das orellas á persoa correspondente.

Seguidamente intervén o Sr. Alcalde-Presidente e dálle as grazas ao Sr. Sánchez Martínez por felicitalos pola limpeza das praias. Di que con respecto ao tema da policía non quere profundizar moito máis, e que a él gustaríalle vir a este pleno con ese escrito que ten a oposición pero non o ten; que cando mañá chegue ao Concello e teña o escrito poderá velo e valoralo; que en todo caso ,con respecto á reunión non sabe cómo foron notificados os axentes da policía local do aprazamento da mesma, non sabe se viñeron pola mañá e quedaron plantados, pero que o o que si pode asegurar é que avisou con antelación suficiente no día de onte para que non viñeran á reunión, para que puidesen ser notificados; di que entende que é perfectamente comprensible que poidan xurdir determinadas cuestións que impidan a celebración puntual dunha xuntanza, xuntanza que ademáis prodúcese a petición súa coa Policía Local precisamente para falar cara a cara e directamente de escritos e cuestións que andaban purulando polo Concello e porque cre se debe falar porque cre que o xeito de saír adiante, e o defendeu desde o principio, falar, dialogar e chegar a acordos; que se o escrito versa sobre funcións, persoal, necesidades, fálase diso; que sobre funcións o goberno municipal o que fixo ata o día de hoxe foi liberar á policía municipal de funcións que viña realizando e que non consideraba o goberno que fosen as funcións primordiais e fundamentais da policía municipal; que , en todo caso fálase das funcións que a policía crea que son as máis oportunas e do que eles entenden que a policía municipal debe facer e do que os axentes interpreten que deben facer como policías municipais. Di que

como é algo que está pendente dun escrito que non coñecen e como hai unha reunión pendente cós axentes da policía municipal que se celebrará , se dialogará e se chegará ao que faga falta; que ademáis a maioría de axentes da policía local, se ben non de xeito formal, nunha reunión, si de xeito individual ,con practicamente todos eles llo transmitiu tódalas veces que tivo oportunidade.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión as dezanove horas e dez minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo elo a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Vº e praxe,  
O Alcalde-presidente

A secretaria xeral,

Asdo. José Iván Puentes Rivera.

Asdo.: Pilar María Pastor Novo.